- Por cursos de 21 a 40 horas de duración: 0,20 puntos.
- Por cursos de 41 a 60 horas de duración: 0,30 puntos.
- Por cursos de 61 a 100 horas de duración: 0,40 puntos.
- Por cursos de máis de 100 horas de duración: 0,50 puntos.

2ª FASE: OPOSICIÓN: A oposición consistirá na realización dos exercicios que se refiren a continuación.

Primeiro exercicio: Proba Teórica.

De carácter obrigatorio, e consistirá na contestación por escrito, no tempo máximo de corenta minutos, dun cuestionario de 20 preguntas tipo test, con catro alternativas de resposta cada unha, e que serán propostas polo tribunal avaliador sobre o contido do temario especificado no Anexo II destas bases. Este exercicio é eliminatorio, e valorarase ata o máximo de 10 puntos (a razón de 0,5 puntos cada resposta correcta), sendo excluídos os/as participantes que non acaden o mínimo de 5 puntos (10 respostas correctas).

As respostas falladas non ponderarán con coeficiente negativo.

Segundo Exercicio: Proba Práctica.

Consistirá no manexo, condución ou utilización do vehículo motobomba. Este exercicio ten carácter obrigatorio e eliminatorio e valorarase ata o máximo de 10 puntos, sendo necesario para non quedar eliminado obter unha puntuación mínima de 6 puntos.

Terceiro Exercicio: Proba de Coñecemento da lingua galega.

De carácter obrigatorio e eliminatorio. Está dirixida á comprobación, por parte do tribunal, de que os/as aspirantes comprenden, falan e escriben correctamente o galego, someténdoo as probas que consideren máis adecuadas para tal comprobación.

Esta proba será cualificada como "APTO/A" ou "NON APTO/A".

Quedarán exentas da realización desta proba aquelas persoas que acrediten estar en posesión do CELGA 2 ou equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de acordo coa disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega, publicada no DOG nº 146, do 30 de xullo de 2007.

10ª.- PROPOSTA DE CONTRATACIÓN E LISTA COMPLEMENTARIA DE RESERVA.

Concluída a cualificación final do proceso selectivo, o Tribunal publicará no citado Taboleiro de Anuncios a relación dos aspirantes por orde decrecente da puntuación total final, con especificación da mesma, e elevará a correspondente proposta de contratación a favor dos aspirantes que obtiveran a puntuación máis alta, obtida como resultado da suma das puntuacións acadadas na fase de concurso e na de oposición (o Tribunal Cualificador





non poderá facer proposta de contratación a favor dun número de aspirantes superior ao das prazas convocadas).

De se producir empate na puntuación final, para dirimilo teranse en conta as puntuacións parciais acadadas no proceso selectivo, pola orde de preferencia seguinte: en primeiro lugar a puntuación acadada no segundo exercicio da oposición, en segundo lugar a puntuación acadada no primeiro exercicio da oposición, en terceiro lugar a puntuación acadada na experiencia profesional do concurso de valoración de méritos e en cuarto lugar a puntuación acadada na formación complementaria do concurso de valoración de méritos. De persistir o empate, dirimirase por sorteo público a celebrar ante o Tribunal Cualificador, do que se levantará a correspondente acta.

O Tribunal elaborará, tamén por orden decrecente de puntuación, unha lista de reserva, cun número de aspirantes que será como máximo igual ao de aprobados, na que figurarán aqueles aspirantes que, aínda que superasen o proceso selectivo, non resultasen propostos para a súa contratación por obter unha puntuación de ordinal inferior ao número de prazas convocadas.

No caso de renuncia, falecemento, falta de xustificación dos requisitos para o nomeamento, incapacidade absoluta sobrevida, ou outros supostos nos que o aspirante aprobado non chegue a formalizar o contrato de traballo, o órgano convocante poderá substituílo polo seguinte na orde de puntuación da lista complementaria de reserva, segundo a orde de puntuación acadada, de conformidade co previsto no artigo 61.8 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

No caso de quedar deserto o proceso selectivo por non superar ningún aspirante a proba ou por non presentarse ningún a esta, o Sr. Alcalde queda autorizado a convocalo novamente tantas veces fose necesario, de conformidade coas presentes bases.

11ª.- RECOÑECIMIENTO MÉDICO, PROBA FÍSICA DE ESFORZO E CURSO TEÓRICO-PRÁCTICO.

Previamente ao nomeamento para a contratación, os aspirantes propostos para a contratación deberán pasar por un recoñecemento médico e unha proba física de esforzo para garantir as súas condicións de saúde para o traballo a realizar.

Tamén teñen que realizar un curso teórico-práctico de formación sobre prevención e defensa contra os incendios forestais de 16 horas. Este curso será obrigatorio, aínda que xa o recibisen en anos anteriores.

Todo isto de conformidade co disposto no Convenio de colaboración suscrito entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Riveira para a participación na prevención e defensa contra os incendios forestais mediante a actuación de medios de prevención e defensa, cofinanciado parcialmente co fondo Europeo Agrícola de desenvolvemento rural (FEADER) no marco do PDR de Galicia 2014-2020

As probas referidas nesta base deberán superarse para a realización da contratación.

No caso de que o aspirante proposto non supere as referidas probas, non poderá procederse ao seu nomeamento e posterior contratación e acudirse á lista de reserva segundo a orde establecida na mesma.

12ª PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS.

No prazo de tres días hábiles seguintes á data da publicación do resultado da selección, os/as aspirantes seleccionados/as deberán xustificar que reúnen os requisitos esixidos na Base 3ª desta convocatoria, presentando os documentos que non foran xa presentados xunto coa solicitude para tomar parte neste proceso selectivo, é dicir:





- a) Declaración xurada de non ter sido despedido mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin estar inhabilitado para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.
- b) Declaración xurada de non estar incurso en ningunha causa de incapacidade ou incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente.

Así mesmo, deberán poñer en coñecemento do Concello o seu número de afiliación á Seguridade Social e un número de conta bancaria do que sexan titulares, para os efectos do pago da correspondente nómina.

Se dentro do prazo indicado, salvo casos de forza maior, algún dos aspirantes propostos non presentara a súa documentación ou non acreditara reunir os requisitos esixidos, non se poderá proceder ó seu nomeamento, quedando anuladas tódalas súas actuacións, sen prexuízo das responsabilidades en que puidera ter incorrido por falsidade na instancia ou na documentación presentada para tomar parte neste proceso selectivo.

13ª NOMEAMENTO.

Unha vez presentada a documentación a que se refire o apartado anterior, o órgano competente da Corporación fará o nomeamento a favor dos aspirantes propostos polo Tribunal Cualificador.

Serán nulos os nomeamentos que se efectúen a favor de aspirantes que estean incursos en causas de incapacidade específica conforme á normativa vixente.

14ª.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

A formalización dos contratos terá lugar dentro do prazo de cinco días naturais, a contar desde a data de notificación do acordo de nomeamento. Quen no prazo indicado non formalice o contrato sen causa xustificada quedará na situación de cesante, con perda de todos os dereitos derivados da convocatoria e do nomeamento conferido.

Previamente á sinatura do contrato, o aspirante nomeado deberá subscribir a declaración a que se refire o artigo 13.1 do Real Decreto 598/1985, de 30 de abril, sobre incompatibilidades.

Mentres non se formalice o contrato e non se incorpore ao posto de traballo, o aspirante non terá dereito a percepción económica de ningunha clase.

15ª.- PERÍODO DE PROBA.

O persoal contratado quedará sometido a un período de proba de 1 mes, de conformidade co artigo 14 do texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, agás cando o traballador/a xa tivera desempeñado as mesmas funcións con anterioridade no Concello de Riveira, baixo calquera modalidade de contratación.

Durante o período de proba, o/a traballador/a terá os dereitos e obrigas correspondentes ao posto de traballo que desempeñe como si fora de plantilla, agás os derivados da resolución da relación laboral, que poderá producirse a instancia de calquera das partes durante o seu transcurso.

Transcorrido o período de proba sen que se houbese producido o desestimento, o contrato producirá plenos efectos, computándose o tempo dos servizos prestados na antigüidade do/a traballador/a.

O período de proba non se verá interrompido polas situacións de incapacidade laboral temporal, risco durante o embarazo, maternidade, adopción, garda con fins de





adopción, acollemento, risco durante a lactación e paternidade, que poidan afectar ó/á traballador/a.

16ª.- BOLSA DE EMPREGO.

Os/as aspirantes que resultasen nomeados no proceso regulado nestas bases, unha vez rematada a duración dos contratos laborais ao que estas se refiren, pasarán a formar parte desta bolsa na orde que lle corresponda pola súa puntuación, se o tempo traballado fora inferior a un ano. Se o período de nomeamento ou contratación fora igual ou superior a un ano, pasará a ocupar o último lugar da lista.

Tamén se poderá acudir a esta bolsa de emprego, no caso de se producir unha vacante nun posto de traballo de igual categoría ou cualificación existente no cadro de persoal deste Concello, ou cando haxa que substituír a un traballador con dereito a reserva do posto de traballo, tamén de igual categoría ou cualificación.

Producida a necesidade de cobertura temporal dun posto de traballo o departamento de secretaría e servizos xerais avisará á persoa que, segundo a orde de prelación, lle corresponde ser contratada. No caso de que esta persoa non estea dispoñible ou renuncie a ocupar o posto de traballo seguirase o chamamento segundo a orde de prelación establecida na bolsa de emprego.

Os chamamentos faranse por escrito de xeito que permita a constancia da recepción. Asemade poderase avisar por teléfono ó/á interesado/a, debendo quedar constancia, en todo caso, da data e hora en que cada aspirante sexa requirido, mediante dilixencia estendida ao efecto polo/a funcionario/a que os realizase.

O chamamento farase telefonicamente en suposto de urxencia, cando a súa non cobertura por esta forma puidese orixinar graves prexuízos no funcionamento e/ou a prestación do servizo público.

Os chamamentos telefónicos faranse entre as 8 e 15 horas, e o/a funcionaria/a fará constar mediante dilixencia a realización de tales chamamentos, e se tiveron ou non resposta. Realizarase un máximo de tres chamadas, mediando entre elas un mínimo de dúas horas. A estes efectos, o/a aspirante deberá poñerse en contacto co departamento de secretaría contestando nun prazo de 1 día hábil, contado desde a recepción da comunicación. En calquera caso, de non ser posible a comunicación ou non contestar á mesma no prazo indicado, pasarase ao seguinte aspirante.

A orde de selección dos aspirantes incluídos na bolsa de emprego irase modificando cos conseguíntes nomeamentos e contratacións, de acordo coas seguintes regras:

a) Se o aspirante chamado non puidera ser nomeado por causa debidamente xustificada e discrecionalmente apreciada polo Órgano competente desta Administración, conservará a súa orde de prelación na bolsa de emprego; en caso contrario, será excluído da mesma.

b) Se calquera dos integrantes da bolsa de emprego renunciara a formar parte da mesma, ou unha vez nomeado renunciara, fora separado do servizo por sanción disciplinaria e/ou por despido declarado procedente, será excluído daquela.

c) Se unha vez nomeado e contratado un aspirante ó abeiro desta Base, o tempo traballado fora inferior a un ano, retornará ó posto que ocupaba na orde de prelación da bolsa de emprego no momento de ser chamado; se o período de nomeamento ou contratación fora igual ou superior a un ano, pasará a ocupar o último lugar da lista.

En razón da urxencia dos chamamentos, queda facultada a Alcaldía para realizar os nomeamentos temporais a que se refire esta Base.

Esta Base terá vixencia entre tanto non se leve a cabo un novo proceso selectivo para a contratación de postos de igual categoría, perdendo validez, neste caso, a bolsa de





emprego que ata entón estivera vixente, pero sen que isto afecte ó persoal nomeado en virtude da mesmas e durante a súa vixencia.

Non obstante todo o anterior, o Órgano competente da Corporación poderá optar pola aprobación de bases específicas e a celebración das pertinentes probas selectivas para a cobertura temporal daquelas prazas que así o estime.

17ª.- NORMAS FINAIS.

Primeira.- Para todo o non previsto nestas Bases, ou naquilo que as contradigan, será de aplicación supletoria o establecido no Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, na Lei Reguladora das Bases de Réxime Local, na Lei de Administración Local de Galicia, na Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia, no Real Decreto Legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, e demais lexislación vixente que sexa de aplicación.

Segunda.- Todos os actos administrativos derivados desta Convocatoria, así como das actuacións dos Tribunais Cualificadores, poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma establecidos pola Lei de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e normas vixentes concordantes.

A presentación de reclamacións non suspenderá a prosecución do proceso selectivo, salvo que así o decida o órgano convocante do mesmo.

Terceira.- Contra as presentes Bases e a Resolución que as aproba, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO ante o Xulgado Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contado desde o día seguinte ó da publicación da convocatoria.

Con carácter potestativo e previo, poderá interpoñerse RECURSO DE REPOSICIÓN ante o mesmo Órgano que adoptou o acordo de aprobación, no prazo de un mes, contado desde o día seguinte ó da publicación da convocatoria. Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto. Neste último suposto, o prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de seis meses contado desde o día seguinte a aquel no que se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

Todo iso sen prexuízo de que poida exercitar calquera outro que estime procedente.

ANEXO I: MODELO DE SOLICITUDE:

Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Riveira

Don/dona
con DNI número e domicilio a efectos de notificacións en

Enterado/a da convocatoria para a contratación laboral temporal de catro (4) CONDUTORES DE VEHÍCULO MOTOBOMBA para a prestación do servizo de prevención e defensa contra os incendios forestais no ano 2018, e considerando que se reúnen todos e cada un dos requisitos establecidos na Base 3ª da convocatoria.

SOLICITA, a súa admisión ás probas de referencia, para o que acompaña a documentación prevista na Base 5ª das que rexen o proceso selectivo.





Asemade reseña o seu correo electrónico
e o seu teléfono móbil no que autoriza a facer as
comunicacións que se consideren.

(O dato do correo e número de móbil non sendo obrigatorios, permitirán e
facilitarán as comunicacións e notificacións).

Declara coñecer as Bases que rexen a presente convocatoria, polo que se
compromete ó seu cumprimento.

(LUGAR, DATA E SINATURA)

ANEXO II: TEMARIO

Tema 1.- O Municipio: concepto e elementos. O termo municipal. Competencias e
organización municipal. Coñecemento do termo municipal de Riveira: rúas, prazas, lugares,
parroquias.

Tema 2.- A defensa contra incendios forestais en Galicia. Os distritos forestais. A
rede de radio. Os sistemas de comunicacións. A transmisión de datos dun lume.

Tema 3.- Os vehículos autobomba todo terreo. As bombas de impulsión:
mantemento, funcionamento. Condución en terreo aberto. A aproximación ao lume.
Elección do punto de estacionamento e primeiro ataque.

Tema 4.- Lume forestal e o seu comportamento. O ataque directo e indirecto. Os
tendidos de manguera. Coordinación do binomio cuadrilla-vehículo autobomba. A dirección
de extinción.

Tema 5.- A toma de auga. O emprego de aditivos: tipos e utilización.

Tema 6.- A seguridade persoal e a prevención de accidentes.

RESOLUCIÓN PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE 3 XEFES DE PRAIA E 35 SOCORRISTAS PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE SALVAMENTO E SOCORRISMO ACUÁTICO NAS PRAIAS DO CONCELLO DE RIVEIRA NO VERÁN DO ANO 2018.

En relación ao asunto de referencia e con base aos seguintes:

ANTECEDENTES

Por Providencia da Alcaldía de data 11/05/2018, dispónse que se proceda á
iniciación e tramitación do procedemento administrativo correspondente para a
contratación laboral temporal de TRES (3) XEFES DE PRAIA E TRINTA E CINCO (35)
SOCORRISTAS PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE SALVAMENTO E SOCORRISMO
ACUÁTICO NAS PRAIAS DO CONCELLO DE RIVEIRA NO VERÁN DO ANO 2018, coa emisión
dos informes xurídico e económico correspondentes, que deberán pronunciarse sobre a





posibilidade de realizar a contratación solicitada, a modalidade da contratación utilizada e a existencia de crédito adecuado e suficiente.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Constitución Española.
- Lei 47/2003, do 26 de novembro, Xeral Presupostaria.
- Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.
- Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.
- Lei 3/2017, do 27 de xuño, de Presupostos Xerais do Estado para o ano 2017.
- Real Decreto Legislativo 2/2015 do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores.
- Real Decreto 2720/1998, do 18 de decembro.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.- A selección do persoal funcionario e laboral debe realizarse mediante procedementos nos que se garantan os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como os establecidos a continuación: a) publicidade das convocatorias e das súas bases; b) transparencia; c) imparcialidade e profesionalidade dos membros dos órganos de selección; d) independencia e discrecionalidade técnica na actuación dos órganos de selección; e) adecuación entre o contido dos procesos selectivos e as funcións e tarefas a desenvolver; f) axilidade, sen prexuízo da obxectividade, nos procesos de selección (artigo 55.2 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, no sucesivo TREBEP, e artigo 49 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia).

En canto aos sistemas selectivos, o artigo 61.6 e 7 do TREBEP dispón: “6. Os sistemas selectivos de funcionarios de carreira serán os de oposición e concurso-oposición que deberán incluír, en todo caso, unha ou varias probas para determinar a capacidade dos aspirantes e establecer a orde de prelación. Só en virtude de lei poderá aplicarse, con carácter excepcional, o sistema de concurso que consistirá unicamente na valoración de méritos. 7. Os sistemas selectivos de persoal laboral fixo serán os de oposición, concurso-oposición, coas características establecidas no apartado anterior, ou concurso de valoración de méritos. As Administracións Públicas poderán negociar as formas de colaboración que no marco dos convenios colectivos fixen á actuación das organizacións sindicais no desenvolvemento dos procesos selectivos.” No mesmo sentido se expresa o artigo 57 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.

Non se regula o procedemento de acceso do persoal laboral temporal. Aínda así, **a selección deste persoal debe realizarse respectando os principios básicos recollidos nos artigos 55.2 do TREBEP e 49 da Lei 2/2015**, xa que estes preceptos, á hora de regular os principios que deben respectarse na selección do persoal, non diferenza entre persoal fixo ou temporal. Iso si, en aplicación do principio recollido no apartado 2 f) do artigo 55 do TREBEP (“axilidade, sen prexuízo da obxectividade, nos procesos de selección”), o procedemento de selección pode simplificarse, sempre e cando se respecten os principios básicos de publicidade e obxectividade.

SEGUNDO.- No caso que nos ocupa, é necesario proceder á contratación temporal do persoal para a prestación do servizo de salvamento e socorrismo acuático nas praias do Concello de Riveira no verán deste ano 2018, na previsión de 3 xefes de praia e 35





socorristas acuáticos. Ao tratase de persoal laboral, como sistemas selectivos poden empregarse calquera dos anteriormente referidos, e, ao tratarse de contratacións temporais, o procedemento de selección pode simplificarse, por exemplo, reducindo o prazo dos aspirantes para presentalas súas instancias, do alcalde para ditar resolución dos admitidos e excluídos, etc., pero sempre respectando os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

TERCEIRO.- Neste ano 2018, para a incorporación de novo persoal no sector público compre acudir ao artigo 19 da Lei 3/2017, do 27 de xuño, de Presupostos Xerais do Estado para o ano 2017, que se entende prorrogada de conformidade cos artigos 134.4 da CE e 38 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, Xeral Presupostaria, cuxos apartados un, dous, cinco e seis teñen carácter básico.

No referido precepto dispónse que a incorporación de novo persoal no sector público estará suxeita aos límites e requisitos establecidos nos apartados seguintes do citado artigo, coa excepción da incorporación de persoal que poida derivarse da execución de procesos selectivos correspondentes a Ofertas de Emprego Público de exercicios anteriores ou dos procesos de selección e reclutamento para a cobertura das plantillas de militares de Tropa e Mariñeiría profesional fixadas na disposición adicional décima cuarta.

As limitacións á incorporación de novo persoal resultan da aplicación da taxa de reposición de efectivos, que se fixará, agás nos sectores e administracións do apartado Un. 2 do artigo 19, ata un máximo do 50% (apartado Un. 3.).

Para calcular a taxa de reposición de efectivos, a porcentaxe de taxa máxima fixada aplicarase sobre a diferenza resultante entre o número de empregados fixos que, durante o exercicio orzamentario anterior deixaron de prestar servizos en cada un dos respectivos sectores, ámbitos, corpos ou categorías, e o número de empregados fixos que se tiveran incorporado nos mesmos, no referido exercicio, por calquera causa, agás os procedentes de ofertas de emprego público, ou reingresado desde situacións que non impliquen a reserva de postos de traballo (apartado Un.4).

As prazas resultantes deberán incluírse nunha Oferta de Emprego Público que, de conformidade co establecido no apartado 2 do artigo 70 do TREBEP, deberá ser aprobada polos respectivos órganos de Goberno das Administracións Públicas e publicarse no Boletín Oficial da Provincia, da Comunidade Autónoma ou, no seu caso, do Estado, antes da finalización de cada ano (apartado Cinco).

CUARTO.- No presente caso, trátase da contratación de persoal laboral temporal, para o que é preciso ter en conta o disposto no artigo 19.Dous da Lei 3/2017 que dispón o seguinte: *“Non se poderá proceder á contratación do persoal temporal, así como ao nomeamento de persoal estatutario temporal e de funcionarios interinos excepto en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables.”*

A este respecto, consta no expediente **providencia de alcaldía** na que, de conformidade coas atribucións conferidas polo artigo 21.1 letras g) e h) da Lei 7/1985, do 02 de abril, reguladora das bases de réxime local, **xustifica a urxencia e necesidade de realizar a referida contratación:** *“O artigo 115 da Lei 22/1988 do 28 de xullo de Costas, establece como competencia municipal manter as praias e lugares públicos de baño nas debidas condicións de limpeza, hixiene e salubridade, así como vixiar a observancia das normas e instrucións ditadas pola Administración do Estado sobre salvamento e seguridade das vidas humanas. O Concello de Riveira conta cun elevado número de praias que se enchen de bañistas no período estival, polo que é necesario a contratación de persoal para o desenvolvemento do Servizo de Salvamento e Socorrismo Acuático nas praias do noso Concello, contratación que, aínda que normalmente se realiza todos os anos, pode*





entenderse que ten un carácter excepcional, xa que a súa duración é limitada no tempo, é dicir, ten unha temporalidade determinada. Con esta contratación pretende cubrirse unha necesidade, senón urxente, polo menos, si inaprazable, xa que a contratación debe realizarse para un período de tempo determinado (tempada de verán), de xeito que unha vez que esta remate a contratación xa non tería razón de ser. Ademais, este servizo non pode ser desenvolvido polo persoal existente no Concello, xa que non consta que haxa empregados que teñan a titulación e preparación que se esixe para a prestación do servizo de salvamento e socorrismo acuático, e, polo tanto, que poidan desempeñar estas funcións tan específicas. Así, enténdese que o servizo de salvamento e socorrismo acuático é un servizo de carácter prioritario, polo deber de vixilancia de praias definida como competencia municipal pola Lei de Costas, e que se considera moi importante que se preste na tempada de verán na que as praias do municipio se enchen de usuarios aos que é preciso garantir un mínimo de atención e seguridade.”

Entendese así, que se cumpre co disposto no artigo 19.Dous da citada lei estatal, xa que o límite citado polo artigo (“necesidades urxentes e inaprazables”) resulta un concepto xurídico indeterminado, cuxo significado debe determinarse caso por caso pola Administración competente para a súa aplicación, sen prexuízo dun eventual control xudicial a posteriori da mesma.

QUINTO.- En canto á modalidade contractual que pode utilizarse neste caso, cómpre realizar as seguintes apreciacións.

O mercado laboral temporal sostense sobre non demasiadas modalidades contractuais, que nos gusten ou non, son as que existen baixo pena de incorrer na creación dun novo “*laboral indefinido-non fixo*”, que se basea na teoría creada polo TS a finais dos anos noventa, doutrina que pode considerarse consolidada e amplamente aceptada tanto no ámbito da xurisprudencia como no ámbito da doutrina científica, en cuxa conformidade a irregular celebración de contratos temporais pola Administración Pública sáldase coa conversión da relación laboral temporal nunha relación de carácter indefinido, que pervivirá ata a cobertura do posto polos trámites regulamentarios. A doutrina comezou a alumearse a partir da Sentenza do TS de 07/10/1996, que foi reiterada en posteriores pronunciamentos do TS, consagrándose definitivamente a partir da Sentenza do 20/01/1998.

Á ausencia de modalidades contractuais, hai que engadir que a Disposición Adicional 15ª ET traslada ao ámbito da contratación laboral coa Administración Pública a regra contida no artigo 15.5 ET, determinante da transformación automática e inevitable da relación temporal previa nunha relación por tempo indefinido no singular suposto de que un mesmo traballador tivera sido contratado baixo dous ou mais contratos sucesivos, con ou sen solución de continuidade entre eles, das modalidades de obra ou servizo determinado ou eventuais, durante un período superior a 24 meses nun período de referencia de 30 meses.

Con este panorama, débese acudir correctamente á modalidade de contrato para obra ou servizo determinado, contrato eventual por circunstancias da produción, ou contrato de interinidade (artigo 15.1 a), b) e c)), ós que hai que sumar os contratos formativos do artigo 11 do ET.

Para simplificar a problemática que ocasiona o conciso marco de contratación temporal aplicable ás Administracións Públicas, o artigo 10 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, acuñou dúas novas figuras de funcionario interino que permiten diminuír o uso do contrato temporal e as consecuencias que tal uso pode supoñer para as entidades públicas: o funcionario interino para a execución de programas de carácter





temporal (un símil funcional do contrato de obra ou servizo determinado) e o funcionario interino por exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de 6 meses dentro dun período de 12 meses (equivalente en gran medida ao contrato temporal eventual).

Estas figuras de funcionario interino tamén se atopan reguladas no artigo 23 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia.

Ámbalas dúas normas expresan as características esenciais da figura do funcionario interino:

- O seu nomeamento obedece sempre a razóns de urxencia e necesidade e;
- O dito nomeamento é para desempeñar funcións propias dos corpos ou escalas dos funcionarios de carreira.

En definitiva, a única receita para non incorrer en fraude de lei á hora de formalizar contratacións laborais temporais é avaliar previamente ás verdadeiras necesidades municipais a cubrir e formalizar a modalidade de contrato que sexa acorde coa causa temporal que o xustifique.

SEXTO.- Enténdese que, neste caso, a modalidade contractual que debe empregarse é o contrato de duración determinada por obra ou servizo determinado, regulado no artigo 15.1 a) do Real Decreto Legislativo 2/2015 do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores e no artigo 2 do Real Decreto 2720/1998, do 18 de decembro.

De conformidade coa sentenza do Tribunal Supremo do 19 de marzo de 2002, os requisitos para a validez do contrato de obra ou servizo determinado son os seguintes:

- Que a obra ou servizo que constitúa o seu obxecto, presente autonomía e sustantividade propia dentro o do que é a actividade laboral da empresa.
- Que a súa execución, aínda que limitada no tempo, sexa en principio de duración incerta.
- Que se especifique e identifique no contrato, con precisión e claridade, a obra ou o servizo que constitúe o seu obxecto.
- Que no desenvolvemento da relación laboral, o traballador sexa normalmente ocupado na execución daquela ou no cumprimento deste, e non en tarefas distintas.

No presente caso, enténdese que, o servizo que constitúe o obxecto do contrato, isto é, a prestación do Servizo de Salvamento é Socorrismo Acuático nas praias do Concello de Riveira, presenta total autonomía e sustantividade propia dentro da actividade normal desta Administración local, debido a que non se trata dun servizo de prestación obrigatoria permanente para o Concello recollido no artigo 26 da LRBRL, senón que a súa prestación, aínda que prioritaria, tal e como pon de manifesto a Providencia da Alcaldía de inicio do expediente administrativo, soamente se realiza nos meses de verán de máis afluencia turística, xullo e agosto, e uns días do mes de setembro, polo que non pode cualificarse como servizo de carácter permanente.

A temporalidade do servizo resulta acreditada pola natureza do servizo en si, é dicir, un servizo exclusivo dunha determinada época do ano, así como polo orzamento municipal vixente que limita a súa contratación á tempada do verán.

No contrato por obra ou servizo determinado deberán terse en conta os seguintes aspectos formais:





- O contrato deberá formalizarse sempre por escrito, debendo especificarse o carácter temporal da contratación e identificar suficientemente, con precisión e claridade, a obra ou o servizo que constitúe o seu obxecto.
- O contrato comunicárase ao INEM ou ao Servizo Público de Emprego da Comunidade Autónoma de Galicia nos dez días seguintes á súa concertación.
- Pode celebrarse a xornada completa ou a tempo parcial.
- Pode converterse período de proba, cos límites de duración que, no seu caso, se prevea nos convenios colectivos.
- O contrato debe durar o tempo necesario para a realización da obra ou servizo encargado. Si o contrato fixa unha duración ou un termino, estes deben considerarse de carácter orientativo, por canto o fin do contrato está condicionado ao fin do traballo contratado.
- O contrato extínguese pola realización da obra ou servizo obxecto do contrato, previa denuncia ou comunicación pola empresa, que pode ser verbal ou escrita, sempre que se acredite a súa recepción polo traballador. Se o contrato é dunha duración superior a un ano, a previa denuncia deberá facerse con 15 días de antelación (preaviso). Realizada a obra ou o servizo, senón houbera denuncia do contrato e se continuase na prestación laboral, o contrato considerase prorrogado tácitamente por tempo indefinido, salvo proba en contrario que acredite a natureza temporal da prestación.

SÉTIMO.- Deberá terse en conta o acordo de inaplicación do Convenio Colectivo do persoal laboral do Concello de Riveira en materia de duración de xornada laboral semanal para o persoal laboral temporal que se contrate para a prestación dos servizos municipais propios do período estival, asinado entre o Concello de Riveira e o Comité de Empresa na data 25/04/2013, de conformidade co establecido no artigo 41.4 do ET, en relación co artigo 82.3 do mesmo texto legal.

OITAVO.- O órgano municipal competente para a aprobación das Bases é a Xunta de Goberno Local, de conformidade co Decreto de delegacións de competencias asinado pola Alcaldía na data 01/07/2015.

Por todo isto, visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto pola Técnico de Administración Xeral, María Sieira Ríos, de data 14/05/2018, e visto o informe de fiscalización previa limitada emitido polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 14/05/2018, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

Primeiro.- Aprobar as bases que a continuación se transcriben para a formación dunha listaxe para a contratación laboral temporal do persoal para a prestación do Servizo de Salvamento e Socorrismo Acuático nas praias do Concello de Riveira neste ano 2018, na previsión de 3 xefes de praia e 35 socorristas acuáticos.

Segundo.- Ordenar a publicación das citadas Bases no “Boletín Oficial da Provincia” de conformidade co disposto no artigo 97 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.





Terceiro.- Dar conta da aprobación das presentes Bases aos representantes sindicais de persoal.

BASES REGULADORAS DO PROCESO SELECTIVO PARA A FORMACIÓN DUNHA LISTAXE PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DO PERSOAL PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE SALVAMENTO E SOCORRISMO ACUÁTICO NAS PRAIAS DO CONCELLO DE RIVEIRA NO VERÁN DO ANO 2018, NA PREVISIÓN DE 3 XEFES DE PRAIA E 35 SOCORRISTAS ACUÁTICOS.

1ª.- OBXECTO DA CONVOCATORIA.

É obxecto desta convocatoria a formación dunha listaxe para a contratación laboral temporal, a través do proceso de selección de oposición libre, do persoal para a prestación do Servizo de Salvamento e Socorrismo Acuático nas praias do Concello de Riveira no ano 2018, na previsión de 3 xefes de praia e 35 socorristas acuáticos.

Todo elo de conformidade co disposto no Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, na Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, no Real Decreto Legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, e demais disposicións de pertinente aplicación.

A inclusión na listaxe non supón en si mesma un dereito á contratación, sendo exclusivamente a súa función a de servir de relación ordenada e baremada das persoas que poidan ser chamadas para cubrir os postos de traballo antes referidos. É dicir, os/as integrantes da mesma unicamente serán titulares dunha expectativa de dereito a ser contratados temporalmente, por orde de puntuación.

2ª.- MODALIDADE DE CONTRATACIÓN E DURACIÓN DO CONTRATO.

De se formalizar os contratos faranse baixo a modalidade de duración determinada, por obra ou servizo determinado, segundo o disposto no artigo 15.1.a do Real Decreto Legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores e artigo 2 do Real Decreto 2720/1998, do 18 de decembro, ditado en desenvolvemento do Estatuto dos Traballadores, para a prestación do Servizo de Salvamento e Socorrismo Acuático nas Praias do Concello de Riveira durante a tempada do verán do ano 2018.

As praias ás que, en principio, se pretende dar este servizo son as seguintes: praia da Corna, praia de Río Azor, praia de Coroso, praia do Touro, praia da Ameixida, praia de Mosqueiros, praia de Castiñeiras, praia de Castro Catía, praia do Vilar e praia da Ladeira. Isto sen prexuízo de calquera variación que poida xurdir por motivos da organización do servizo.

A contratación realizarase a xornada completa (40 horas semanais), que se prestarán en horario que se distribuirá segundo as necesidades e organización do servizo, en quendas de mañá ou de tarde, todos os días da semana, cos descansos que regulamentariamente correspondan.

A duración do contrato será de dous meses e dez días, prevíndose o inicio da relación laboral na data 01 de xullo de 2018, si ben, en función das necesidades do servizo e, sobre todo, das condicións meteorolóxicas existentes, poderase adiantar ou retrasar o inicio da relación laboral en todas as praias nas que se vaia a prestar este servizo ou naquelas praias que mais o demanden polas súas características.

Por igual motivo, e de existir consignación orzamentaria suficiente, poderase ampliar a duración dos contratos naqueles areais que se consideren máis necesarios.





As retribucións básicas, complementarias e extraordinarias que corresponden a cada posto de traballo, por todos os conceptos salariais, son as que figuran no orzamento municipal vixente, coas actualizacións que procedan para as seguintes anualidades. Neste caso concreto para o posto de xefe de praia son as correspondentes ao Grupo IV, nivel 14 e para o posto de socorrista acuático son as correspondentes ao Grupo V, nivel 12.

Corresponderán aos xefes de praia levar a cabo a dirección do equipo de persoas asignado á súa praia, a xestión dos recursos en canto a urxencias e posta en marcha de dispositivos de actuación e prevención, así como os protocolos do servizo preventivo; realizar o control da disposición e estado tanto das instalacións como do material e elaborar informes para actuacións destacables e incidencias.

As funcións dos socorristas son as seguintes: prever accidentes ou situacións de emerxencia nas praias do Concello de Riveira realizando tarefas de vixilancia e información; rescatar persoas en casos de accidente ou situación de emerxencia; asistir como primeiro interviniente no caso de accidente ou situación de emerxencia; velar pola seguridade dos usuarios das praias do Concello de Riveira previndo situacións potencialmente perigosas realizando unha vixilancia permanente e eficiente e intervindo de forma eficaz ante un accidente ou situación de emerxencia.

A extinción do contrato laboral producírase, ademais de pola finalización da prestación do servizo, polas causas previstas no Real Decreto Legislativo 5/2015 do 30 de outubro polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público e no Real Decreto Legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, ou por calquera outra causa de perda de relación de servizo previstas na normativa de aplicación aos empregados públicos.

3ª.- CONDICIÓN DOS ASPIRANTES.

Para tomar parte neste proceso selectivo, os/as aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

3.1 Requisitos xerais para os postos de XEFE DE PRAIA E SOCORRISTA ACUÁTICO.

- Ter a nacionalidade española. Tamén poderán participar as persoas que posúan a nacionalidade doutros estados membros da Unión Europea; as persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, que sexan cónxuxes de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separadas de dereito; as persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, descendentes de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que sexan menores de vinte e un anos ou maiores da devandita idade dependentes; as persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, descendentes do cónxuxe non separado de dereito de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que sexan menores de vinte e un anos ou maiores da devandita idade dependentes; as persoas incluídas no ámbito de aplicación dos tratados internacionais subscritos pola Unión Europea e ratificados por España nos cales sexa aplicable a libre circulación de traballadores; e as demais persoas estranxeiras con residencia legal en España.
- Ter feitos os 16 anos e non exceder, de ser o caso, a idade máxima de xubilación forzosa.
- Estar inscrito no Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos da Comunidade Autónoma de Galicia, na sección correspondente a socorristas en espazos acuáticos naturais, de conformidade co Decreto 104/2012, do 16 de marzo, polo que se fixa a formación mínima dos socorristas acuáticos e se crea e regula o Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia, modificado polo





Decreto 35/2017, do 30 de marzo (DOG nº 69 do 07/04/2017), que establece na súa Disposición Transitoria Única unha prórroga automática do prazo de inscrición provisional ata o 10/04/2021.

En defecto de inscrición, ter presentada a solicitude de inscrición no citado Rexistro Profesional, sempre, neste último caso, que desde a data de presentación da solicitude non teña transcorrido o prazo de 3 meses de que dispón a Academia Galega de Seguridade Pública para ditar resolución expresa. Neste caso deberase achegar, xunto coa solicitude de participación no proceso selectivo, copia de dita solicitude de inscrición no Rexistro Profesional e copia da declaración responsable segundo o modelo normalizado que figura como Anexo IV do Decreto 104/2012, do 16 de marzo, polo que se fixa a formación mínima dos socorristas acuáticos e se crea e regula o Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia, así como o Título de Socorrista Acuático ou titulación equivalente ou que a englobe consonte ao establecido na normativa antes referida.

- d) Non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que impida o desempeño das funcións propias do posto de traballo para o que se opta. A estes efectos, establécese a igualdade de condicións das persoas con discapacidade cos demais aspirantes, non podendo fixarse con carácter xeral limitacións físicas ou psíquicas senón nos casos en que sexan incompatibles co normal desempeño do traballo correspondente, adoptándose polo Tribunal Cualificador medidas e medios para a realización das probas, de forma que gocen de igualdade de oportunidades cos demais participantes. A condición de discapacidade e a súa compatibilidade acreditarase con certificación expedida polo órgano competente.
- e) Non incorrer en causa de incompatibilidade ou de incapacidade, conforme á normativa vixente.
- f) Non ter sido despedido mediante expediente disciplinario de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se trate de acceder á mesma categoría profesional á cal se pertencía. No caso de ser nacional doutro Estado, non acharse inhabilitado ou en situación equivalente nin haber sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

3.2. Requisitos específicos para o posto de XEFE DE PRAIA.

- a) Estar en posesión (ou en condicións de obtelo na data en que remate o prazo de presentación de instancias) do título académico de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria, Graduado Escolar ou doutro equivalente ou que os englobe, que deberá acreditar mediante documento oficial expedido polo organismo competente. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberase estar en posesión (na mesma data do remate do prazo para presentar instancias) da Credencial que acredite a súa homologación, expedida polo Organismo competente.
- b) Estar en posesión do permiso de conducir da clase B, en plena vixencia e sen ningún tipo de limitación á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

3.3. Requisitos específicos para o posto de SOCORRISTA ACUÁTICO.

- a) Estar en posesión (ou en condicións de obtelo na data en que remate o prazo de presentación de instancias) do título de certificado de escolaridade ou





equivalente, que deberá acreditar mediante documento oficial expedido polo organismo competente. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberase estar en posesión (na mesma data do remate do prazo para presentar as instancias) da Credencial que acredite a súa homologación, expedida polo Organismo competente.

Todos os requisitos esixidos nesta Base deberanse cumprir polos aspirantes na data en que remate o prazo de presentación de instancias, e mantelos ata o momento da formalización dos contratos.

4ª.- DEREITOS DE EXAME

As persoas aspirantes ao posto de xefe de praia deberán ingresar a cantidade de 12,18 euros, e as persoas aspirantes aos postos de socorrista deberán ingresar a cantidade de 8,14 euros, de conformidade co disposto no artigo 6, epígrafe 5 da Ordenanza Fiscal reguladora da taxa pola expedición de documentos e pola participación en procedementos administrativos, que será devolta unicamente nos supostos establecidos na referida Ordenanza Fiscal.

O dito importe poderase facer efectivo mediante autoliquidación:

- Presencial, na oficina de atención cidadá sita na planta baixa da Casa Consistorial (horario de atención ao público de luns a venres de 9:30 a 13:30 horas)
- Vía web, no enlace <https://ventanilla.riveira.es/index.php?id=68>, seleccionando as seguintes opcións:
 - Tributo: **Dereitos de exame**
 - A liquidar: **Grupo D ou asimilado (para o posto de xefe de praia) e Grupo E ou asimilado (para o postos de socorrista).**
 - Observacións: Nome da praza á que se opta

Mentres non estea habilitada a opción de “pagar on line” os interesados deberán optar pola opción “imprimir recibo” e efectuar o ingreso en calquera das seguintes entidades financeiras: ABANCA, BBVA, CAIXABANK, BANCO PASTOR, BANCO POPULAR, BANCO SABADELL ou BANCO SANTANDER.

En ningún caso a presentación e pago da taxa por dereito de exame suporá a substitución do trámite de presentación da instancia.

De conformidade co disposto no artigo 7 da citada Ordenanza Fiscal, están exentos da taxa por dereitos de exame as persoas que estean en situación de desemprego, e figuren como tales no correspondente Servizo Público de Emprego.

5ª.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

As solicitudes para tomar parte neste proceso selectivo faranse mediante instancia dirixida ó señor Alcalde, en modelo que se engade como ANEXO I, nas que se fará constar que se reúnen todos e cada un dos requisitos establecidos na Base Terceira desta convocatoria.

Os/as aspirantes con algunha discapacidade terán que indicalo na solicitude, acompañada da correspondente documentación acreditativa da mesma. Así mesmo, terán que solicitar as posibles adaptacións de tempo e medios para a realización dos exercicios nos que esta adaptación sexa necesaria.

As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral do Concello (de luns a venres de 9:30 a 13:30 horas) durante o prazo de DOCE (12) DÍAS NATURAIS, que se iniciará o día seguinte ó da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia da Coruña. Tamén se poderán presentar na forma que determina o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de





outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; neste caso, os/as aspirantes deberán comunicalo ao Concello mediante telefax durante o mesmo prazo que o de presentación de instancias (número de fax do Concello: 981 871610), ou ben mediante correo electrónico enviando un e-mail á dirección: maria.sieira.rios@riveira.com, co fin de que, rematado o prazo de presentación de instancias, sen telas recibido, se pospoña a elaboración da relación de admitidos/as e excluídos/as provisional ata recibir a documentación remitida polo/a aspirante.

Se conforme a ese precepto se presentan a través das oficinas de correos, deberá aparecer o selo na propia solicitude. Doutro modo, a data de anotación no Rexistro Xeral será a que se teña en conta a tódolos efectos.

En cumprimento do artigo 28 do Convenio Colectivo do Persoal Laboral do Concello de Riveira a convocatoria tamén se anunciará nun xornal de tirada provincial. Así mesmo se procederá á súa publicación no Taboleiro de Edictos e na páxina web municipal.

A non presentación da solicitude en tempo e forma suporá a exclusión do/a aspirante.

Xunto coa solicitude para tomar parte neste proceso selectivo os/as aspirantes deberán achegar, inescusablemente, a seguinte documentación:

5.1. Documentación xeral para os postos de XEFE DE PRAIA e SOCORRISTA ACUÁTICO.

a) Xustificante do ingreso dos dereitos de exame ou acreditación de situación de desemprego para o caso da exención da taxa. A situación de desemprego acreditarase mediante un certificado de situación administrativa ou un certificado de períodos de inscrición (esta último acompañado de vida laboral), de data actual.

b) Copia do Documento Nacional de Identidade ou documento identificativo.

c) Copia do título que exime a realización da proba de lingua galega.

d) Copia do documento que acredita a inscrición no Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos da Comunidade Autónoma de Galicia a que se refire a Base 3ª, apartado 3.1. c).

En defecto de documentación que acredite a inscrición no citado Rexistro Profesional, fotocopia da solicitude de inscrición no Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos da Comunidade Autónoma de Galicia, (modelo normalizado que figura como Anexo III ao Decreto 104/2012 xa citado), así como da declaración Responsable segundo o modelo normalizado (Anexo IV). Neste caso os/as aspirantes deberán achegar, inescusablemente, fotocopia do Título de Socorrista Acuático ou titulación equivalente ou que a englobe, que se deberá acreditar mediante documento oficial expedido polo organismo competente.

e) Certificado médico en impreso oficial ou informe de saúde (ámbolos documentos ORIXINAIS) acreditativo de non padecer enfermidade ou minusvalía que impida exercer a función propia a desenrolar. A súa data de expedición non poderá ser anterior ao 1 de marzo de 2018.

f) Número de afiliación á Seguridade Social.

5.2. Documentación específica para o posto de XEFE DE PRAIA.

a) Copia da titulación académica esixida na Base 3ª, apartado 3.2.a).

b) Copia do permiso de conducir da clase B.

5.3. Documentación específica para o posto de SOCORRISTA ACUÁTICO.

a) Copia da titulación académica esixida na Base 3ª, apartado 3.3.a).

Para que teñan validez neste proceso selectivo, todos os documentos que se presenten deberán estar expedidos nalgunha das linguas oficiais na Comunidade Autónoma de Galicia (galego ou castelán). No caso de tratarse de documentos expedidos noutras Comunidades Autónomas, para que teñan validez deberán estar redactados en lingua





castelá ou traducidos polo organismo competente da respectiva Comunidade. Tratándose de documentos expedidos nun país estranxeiro, deberán estar debidamente traducidos, validados e apostilados pola correspondente oficina diplomática española ou organismo competente.

Os/as aspirantes que non posúan a nacionalidade española e sexan nacionais dun Estado membro da Unión Europea, con dereito a participar nalgún proceso selectivo, deberán presentar unha fotocopia do Pasaporte ou documento que acredite a súa identidade e nacionalidade. De ser o caso, tamén presentaran os documentos que confirmen o vínculo de parentesco e o feito de vivir a expensas ou estar a cargo dunha persoa nacional doutro Estado co que teña o dito vínculo. Así mesmo, deberán achegar unha declaración xurada ou promesa da dita persoa de que non está separado de dereito do seu cónxuxe e, de ser o caso, do feito de que o aspirante vive ás súas expensas ou de que está ó seu cargo.

Os demais aspirantes estranxeiros, xunto coa fotocopia do seu Pasaporte en vigor, deberán acompañar copia do documento que acredite que están habilitados a residir e a poder acceder sen limitación ó mercado laboral en España.

Coa presentación da instancia para tomar parte no proceso selectivo entenderase que os interesados aceptan e acatan todas e cada unha das Bases desta convocatoria.

6ª.- PUBLICIDADE, PRESENTACIÓN, NOTIFICACIÓNS E COMUNICACIÓNS.

A convocatoria correspondente as presentes bases, efectuarase a través de anuncios no Boletín Oficial da Provincia e nun xornal de tirada provincial, conxuntamente coa súa publicación na páxina web e no taboleiro de anuncios do Concello. As demais comunicacións que deban efectuarse, así como as relativas a resolucións ou actos do Tribunal faranse públicas a través da páxina web e taboleiro de anuncios. A presentación de instancias farase a través do rexistro municipal, ou a través de calquera dos xeitos admitidos na lexislación xeral de procedemento administrativo, tal e como se especifica na base 5ª desta convocatoria.

As publicacións na páxina web do Concello faranse a título informativo e complementario, e non terán validez a efectos de cómputo de prazos e a información de carácter persoal contida na mesma será posible baixo a consideración de que os aspirantes, coa sinatura da instancia solicitando participar no proceso selectivo, se someten e aceptan todas as cláusulas establecidas na presente convocatoria e bases reguladoras. Os restantes usos dos datos persoais contados nas solicitudes serán de carácter interno e uso restrinxido.

7ª.-ADMISIÓN DOS ASPIRANTES.

Unha vez rematado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía ditará Resolución no prazo máximo dun mes, declarando aprobada a lista provisional de aspirantes admitidos e excluídos, con indicación, se é o caso, das causas de exclusión. Na lista deberán constar, en todo caso, os apelidos, nome e número de documento nacional de identidade. Esta resolución publicarase no taboleiro de anuncios do Concello e será determinante para os efectos de posibles impugnacións e recursos, de conformidade co previsto na lei. Así mesmo, e sempre que sexa posible, a citada resolución publicarase, a título informativo e complementario, na web do concello (www.riveira.es), no apartado “*taboleiro de anuncios*”.

Os/as aspirantes excluídos/as dispoñen dun prazo de dous días hábiles contado desde o seguinte ó da publicación da antedita resolución, para presentar as reclamacións oportunas ou emendas de defectos.

A presentación de reclamacións, no seu caso, non suspenderá o proceso selectivo, salvo que así o acorde a Alcaldía.





Posteriormente, o Alcalde declarará aprobada a lista definitiva de admitidos e excluídos, que se publicará no taboleiro de anuncios do Concello. Na mesma resolución o alcalde determinará o lugar, data e hora do comezo do proceso selectivo, así como a composición do Órgano de selección. Así mesmo, e sempre que sexa posible, a citada resolución publicárase, a título informativo e complementario, na web do concello (www.riveira.es), no apartado “*taboleiro de anuncios*”.

A inclusión dos/as aspirantes nas listas de admitidos/as non supón, en ningún caso, o recoñecemento por parte desta Administración Municipal de que aqueles reúnen os requisitos esixidos para ser nomeados para a súa contratación, requisitos que se deberán acreditar segundo o establecido na Base 12ª.

8ª.- TRIBUNAL CUALIFICADOR.

Os membros do Tribunal Cualificador do proceso selectivo serán designados polo Alcalde segundo o disposto no artigo 60 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público e no artigo 59 da Lei 2/2015 do 29 de abril, do emprego público de Galicia e en atención ó principio de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros.

Estará constituído por cinco persoas titulares e cinco suplentes, presidente/a, tres vogais e secretario/a.

Os membros do Tribunal Cualificador deben pertencer a un corpo, escala ou categoría profesional para o ingreso no cal se requira unha titulación de nivel igual ou superior ao esixido para participar no proceso selectivo.

Deberá tenderse na súa composición, á paridade entre home e muller.

Non poderán formar parte do Tribunal o persoal de elección ou de designación política, o persoal interino ou o persoal laboral temporal e o persoal eventual, nin tampouco as persoas que nos cinco anos anteriores á publicación da convocatoria realizasen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas ou colaborasen durante ese período con centros de preparación de opositores.

A pertenza ao mesmo será sempre a título individual, sen que se poida desempeñar esta en representación ou por conta de ningún.

O Tribunal de selección poderá dispoñer a incorporación de asesores especialistas, para todas ou algunhas das probas, que colaborarán co órgano de selección exclusivamente no exercicio das súas especialidades técnicas sen que sexan integrantes do Tribunal, correspondéndolle o asesoramento e ilustración do parecer dos seus membros.

A súa composición farase pública na mesma Resolución da Alcaldía pola que se aproba a lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos.

Os membros do Tribunal deberán absterse de intervir, notificándoo á autoridade convocante, cando concorran as circunstancias previstas nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Igualmente, os/as aspirantes poderán recusar ós membros do Tribunal cando concorran algunha das circunstancias a que se refire o parágrafo anterior.

O Tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos seus membros (sexan titulares ou suplentes, indistintamente). En todo caso, será precisa a asistencia do Presidente e do Secretario.

Todos os membros do Tribunal Cualificador que se designen para xulgar as respectivas probas selectivas actuarán con voz e voto.

As decisións do Tribunal Cualificador adoptaranse por maioría de votos dos membros presentes, resolvendo, en caso de empate, o voto de calidade do seu Presidente.





O Tribunal Cualificador queda autorizado para resolver las dudas que se presenten e para toma-los acuerdos necesarios para a boa orde do proceso selectivo, en todo o non previsto nestas Bases.

Os efectos de percepción de dietas por asistencias por parte dos membros concorrentes ás sesións que celebre o Tribunal Cualificador, estarase ó disposto nos artigos 29 e seguintes do Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.

9ª.- DESENVOLVEMENTO DO PROCESO SELECTIVO.

A data e máis a hora na que deberá constituírse o tribunal, así como o día e a hora para o comezo do proceso selectivo convocado serán determinados polo Alcalde mediante resolución, xuntamente coa aprobación da lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as e a composición do tribunal, que se publicará no taboleiro de anuncios do Concello. Así mesmo, e sempre que sexa posible, publicarase, a título informativo e complementario, na web do concello (www.riveira.es), no apartado “*taboleiro de anuncios*”.

O sistema de selección é o de **OPOSICIÓN** que consistirá na realización dos exercicios que se refiren a continuación.

Entre o remate dunha proba e a realización da outra deberá transcorrer como mínimo 24 horas, sen embargo, cando o Tribunal o considere conveniente, poderá acordar a celebración de varios exercicios nunha mesma xornada, concedéndolles aos opositores un descanso mínimo de trinta minutos entre a celebración deles, ou na xornada seguinte, deixando transcorrer un prazo mínimo de 12 horas.

Os horarios serán determinados polo Tribunal e non se celebrarán en días festivos, podendo ser en horario de mañá ou tarde.

Os/as aspirantes serán convocados/as en chamamento único, quedando decaídos no seu dereito aqueles que non comparezan, salvo casos de forza maior debidamente xustificadas e apreciadas discrecionalmente polo tribunal.

Os/as aspirantes deberán presentarse para realizaren os exercicios provistos do D.N.I., ou documento fidedigno acreditativo da súa personalidade a xuízo do tribunal, e tamén os medios materiais adecuados que sexan necesarios para a práctica daquela.

Comezada a práctica do exercicio, o tribunal poderá requirirles en calquera momento ós/ás aspirantes que acrediten a súa identidade.

A orde de actuación dos/das aspirantes será alfabético.

A publicación dos resultados obtidos por cada aspirante en cada un dos exercicios, así como o anuncio convocando os/as aspirantes para a celebración de cada exercicio, farase exclusivamente no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello. Así mesmo, e sempre que sexa posible, publicarase, a título informativo e complementario, na web do concello (www.riveira.es), no apartado “*taboleiro de anuncios*”.

Primeiro exercicio.- Proba de coñecementos: De carácter obrigatorio, consistente en contestar por escrito, no tempo máximo de 45 minutos, un cuestionario de 40 preguntas tipo test, sobre o contido do temario especificado no Anexo II destas bases. Este exercicio é eliminatorio, e valorarase ata o máximo de 10'00 puntos (a razón de 0,25 puntos cada resposta correcta), sendo excluídos os participantes que non acaden o mínimo de 5'00 puntos.

Segundo exercicio.- Proba práctica: De carácter obrigatorio e non eliminatorio, que consistirá na realización de probas de actitude física axeitadas para comprobar a existencia da capacidade necesaria para as funcións que van a desenvolver.

Realizarase na praia de Coroso, e consistirá nunha proba combinada de carreira e nado libre, a realizar da seguinte forma:





1. Os participantes poranse de pé no punto de partida que se determine na praia de Coroso e portarán na man o material de salvamento (aletas e flopi) e, se o desexan, poderán vestir traxe de neopreno.
2. Despois do sinal de saída, carreira ata chegar á baliza indicativa do punto de entrada no mar, que deberán superar pola parte exterior antes de facer a entrada no mar.
3. Entrada na auga no punto que consideren mais axeitado, colocándose as aletas e nadando (estilo libre) co material de salvamento, ata a boia colocada fronte á baliza de terra, debendo superala pola parte exterior.
4. Nado libre ata a seguinte boia, colocada á altura da baliza de meta, superándoa polo exterior.
5. Saída do mar, retirada das aletas e carreira ata a baliza de meta. Os participantes deberán carrexar as aletas ata superar a liña de meta.

Dependendo do estado do mar o Tribunal Cualificador establecerá as distancias a percorrer.

O tempo contarase a partir do primeiro aspirante a pasar pola meta, de conformidade coa seguinte **TÁBOA DE PUNTUACIÓNS**:

HOMES	PUNTOS	MULLERES	PUNTOS
1º clasificado	10	1ª clasificada	10
+ 0,18"	9	+ 0,18"	9
+ 0,36"	8	+ 0,36"	8
+ 0,54"	7	+ 0,54"	7
+ 1,12"	6	+ 1,12"	6
+ 1,30"	5	+ 1,30"	5
+ 1,48"	4	+ 1,48"	4
+ 2,06"	3	+ 2,06"	3
+ 2,24"	2	+ 2,24"	2
+ 2,42"	1	+ 2,42"	1
+ 3,00"	0	+ 3,00"	0

A utilización do flopi tamén variará en función do estado do mar. Cada aspirante terá que traer as súas propias aletas para a realización da proba.

Terceiro exercicio: Proba de Coñecemento da lingua galega:

De carácter obrigatorio e eliminatorio. Está dirixida á comprobación, por parte do tribunal, de que os/as aspirantes comprenden, falan e escriben correctamente o galego, someténdoo ás probas que consideren máis adecuadas para tal comprobación.

Esta proba será cualificada como "APTO/A" ou "NON APTO/A".

Quedarán exentas da realización desta proba aquelas persoas que acrediten estar en posesión do CELGA 2 ou equivalente.

Cuarto exercicio: Proba específica para aqueles aspirantes que opten aos postos de xefe de praia.

Este exercicio consistirá nunha entrevista persoal na que o Tribunal realizará un máximo de cinco preguntas relacionadas coas funcións propias do posto de traballo, materias específicas do programa recollido como Anexo II destas Bases, coñecementos profesionais, e/ou preguntas de índole curricular e de personalidade, a fin de comprobar os coñecementos dos/as aspirantes sobre as tarefas a desenvolver no posto de traballo convocado e de avaliar as súas aptitudes e actitudes para o mesmo.





Esta proba, que non terá carácter eliminatorio, será cualificada polo tribunal de cero (0) a tres (3) puntos.

10ª.- FORMACIÓN DA LISTAXE PARA A REALIZACIÓN DAS CONTRATACIÓNS.

Concluída a cualificación final do proceso selectivo, o Tribunal procederá á formación da listaxe, por orde decrecente da puntuación total final (que estará determinada pola suma dos puntos obtidos nos exercicios da oposición), con especificación da mesma, e que determinará a orde de prelación para a súa contratación. Publicarase no taboleiro de anuncios do Concello, así como na súa páxina web, de ser posible.

A listaxe referida aprobarase e quedará constituída definitivamente por resolución da Alcaldía. Como xa se referiu na Base 1ª, os integrantes da mesma unicamente serán titulares dunha expectativa de dereito a ser contratados temporalmente por orde de puntuación.

Esta listaxe terá vixencia entre tanto non se leve a cabo un novo proceso selectivo para a contratación de postos de igual categoría, perdendo validez, neste caso, a listaxe que ata entón estivera vixente, pero sen que isto afecte ó persoal nomeado en virtude da mesma e durante a súa vixencia.

Non obstante todo o anterior, o órgano competente da Corporación para a contratación de persoal poderá optar por acudir á listaxe que se atope vixente ou pola aprobación de bases específicas e a celebración das pertinentes probas selectivas para a cobertura temporal daquelas prazas que así o estime.

De se producir empate na puntuación final, para dirimilo teranse en conta: en primeiro lugar, a puntuación acadada no primeiro exercicio da oposición; en segundo lugar o tempo realizado no segundo exercicio da oposición; e en terceiro lugar (neste caso soamente para un suposto de empate nos postos de xefes de praia) a puntuación acadada no cuarto exercicio específico para os postos de xefes de praia. De persistir o empate, dirimirase por sorteo público a celebrar ante o Tribunal Cualificador, do que se levantará a correspondente acta.

No caso de quedar deserto o proceso selectivo por non superar ningún aspirante a proba ou por non presentarse ningún a esta, o Sr Alcalde queda autorizado a convocalo novamente tantas veces fose necesario, de conformidade coas presentes bases.

11ª.- PROCEDEMENTO PARA O CHAMAMENTO.

Unha vez elaborada a listaxe remitirase ao departamento de secretaría do Concello.

Producida a necesidade de realizar a contratación, o departamento de secretaría avisará á persoa que, segundo a orde de prelación que figura na lista lle corresponda ser contratada. No caso de que esta persoa non estea dispoñible ou renuncie a ser contratado seguirase o chamamento segundo o orde de prelación establecido na listaxe.

Os chamamentos faranse por escrito de xeito que permita a constancia da recepción. Asemade poderase avisar por teléfono ó/á interesado/a, debendo quedar constancia, en todo caso, da data e hora en que cada aspirante sexa requirido, mediante dilixencia estendida ao efecto polo/a funcionario/ que os realízase.

O chamamento poderase facer telefonicamente en supostos de urxencia, cando a súa non cobertura por esta forma puidese orixinar graves prexuízos no funcionamento e/ou a prestación do servizo público.

Os chamamentos telefónicos faranse entre as 8 e 15 horas, e o/a funcionario/a que os realice fará constar mediante dilixencia a realización de tales chamamentos, e se tiveron ou non resposta. Realizarase un máximo de tres chamadas, mediando entre elas un mínimo de dúas horas. A estes efectos o/a aspirante deberá poñerse en contacto co departamento de secretaría contestando nun prazo de 1 día hábil, contado desde a





recepción da comunicación. En calquera caso, de non ser posible a comunicación ou non contestar á mesma no prazo indicado, pasarase ao seguinte aspirante.

Os integrantes da listaxe que, sendo chamados para facer efectiva a contratación, non se presentaran ou renunciaran a esta, perderán, agás que se trate de causa de forza maior, os seus dereitos quedando excluídos da lista. A mesma consecuencia terá a renuncia á continuidade no desempeño do posto de traballo.

Procederá á suspensión dos chamamentos sen penalización algunha á petición do interesado e sempre que o xustifique suficientemente nos seguintes casos: maternidade ou adopción legal, exercicio de representación sindical ou cargo público electo, matrimonio, falecemento de familiar ata o segundo grao de consanguinidade ao afinidade, coidado de fillos menores de tres anos ou dun familiar ata o segundo grao de consanguinidade ou afinidade que non poida valerse por si mesmo e non desempeñe actividades retribuídas, e calquera outra que se considere de forza maior.

12ª.- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS.

Con anterioridade á formalización do contrato de traballo, o/a aspirante deberá aportar no prazo máximo de dous días hábiles os documentos que se relacionan a continuación, acreditativos do cumprimento dos correspondentes requisitos, agás os presentados xunto coa solicitude de participación:

- a) Declaración xurada de non ter sido despedido/a mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin estar inhabilitado/a para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.
- b) Declaración xurada de non estar incurso en ningunha causa de incapacidade ou incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente.

Se dentro do prazo indicado, salvo casos de forza maior, algún dos aspirantes non presentara a súa documentación ou non acreditara reuni-los requisitos esixidos, non se poderá proceder ó seu nomeamento, quedando anuladas tódalas súas actuacións, sen prexuízo das responsabilidades en que puidera ter incorrido por falsidade na instancia ou na documentación presentada para tomar parte neste proceso selectivo.

13ª.- NOMEAMENTO.

Unha vez presentada a documentación a que se refire o apartado anterior, o órgano competente da Corporación fará o nomeamento a favor do/a aspirante do que se pretenda a súa contratación.

Serán nulos os nomeamentos que se efectúen a favor de aspirantes que estean incursos en causas de incapacidade específica conforme á normativa vixente.

14ª.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

A formalización do contrato terá lugar dentro do prazo de cinco días naturais, a contar desde a data de notificación do acordo de nomeamento. Quen no prazo indicado non formalice o contrato sen causa xustificada quedará na situación de cesante, con perda de tódolos dereitos derivados da convocatoria e do nomeamento conferido.

Previamente á sinatura do contrato, o aspirante nomeado deberá subscribir a declaración a que se refire o artigo 13.1 do Real Decreto 598/1985, do 30 de abril, sobre incompatibilidades.

Mentres non se formalice o contrato e non se incorpore ó posto de traballo, o aspirante no terá dereito a percepción económica de ningunha clase.





15ª.- PERÍODO DE PROBA.

O persoal contratado quedará sometido a un período de proba de un mes, de conformidade co artigo 14 do Estatuto dos Traballadores, agás cando o/a traballador/a xa tivera desempeñado as mesmas funcións con anterioridade no Concello de Riveira, baixo calquera modalidade de contratación.

Durante o período de proba, o/a traballador/a terá os dereitos e obrigas correspondentes ao posto de traballo que desempeñe como si fora de plantilla, agás os derivados da resolución da relación laboral, que poderá producirse a instancia de calquera das partes durante o seu transcurso.

Transcorrido o período de proba sen que se houbese producido o desestimento, o contrato producirá plenos efectos, computándose o tempo dos servizos prestados na antigüidade do/a traballador/a.

O período de proba non se verá interrompido polas situacións de incapacidade laboral temporal, risco durante o embarazo, maternidade, adopción, garda con fins de adopción, acollemento, risco durante a lactación e paternidade, que poidan afectar ó/a traballador/a.

16ª.- NORMAS FINAIS.

Primeira.- Para todo o non previsto nestas Bases, ou naquilo que as contradiga, será de aplicación supletoria o establecido no Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, na Lei reguladora das bases de réxime local, na Lei de Administración local de Galicia, na Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia, no Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, e demais lexislación vixente que sexa de aplicación.

Segunda.- Todos os actos administrativos derivados desta Convocatoria, así como das actuacións dos Tribunais Cualificadores, poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma establecidos pola Lei de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e normas vixentes concordantes.

A presentación de reclamacións non suspenderá a prosecución do proceso selectivo, salvo que así o decida o órgano convocante do mesmo.

Terceira.- Contra as presentes Bases e a Resolución que as aproba, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO ante o Xulgado Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contado desde o día seguinte ó da publicación da convocatoria.

Con carácter potestativo e previo, poderá interpoñerse RECURSO DE REPOSICIÓN ante o mesmo Órgano que adoptou o acordo de aprobación, no prazo de un mes, contado desde o día seguinte ó da publicación da convocatoria. Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto. Neste último suposto, o prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de seis meses contado desde o día seguinte a aquel no que se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

Todo iso sen prexuízo de que poida exercitar calquera outro que estime procedente.

ANEXO I: MODELO DE SOLICITUDE

Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Riveira





Don/dona
con DNI número e domicilio a efectos de notificacións en
.....

Enterado/a da convocatoria para a formación dunha listaxe para a contratación laboral temporal do persoal para a PRESTACIÓN DO SERVIZO DE SALVAMENTO E SOCORRISMO ACUÁTICO NAS PRAIAS DO CONCELLO DE RIVEIRA NO ANO 2018, NA PREVISIÓN DE 3 XEFES DE PRAIA E 35 SOCORRISTAS ACUÁTICOS, e considerando que se reúnen todos e cada un dos requisitos establecidos na Base 3ª da convocatoria, referidos ao posto de:

☐ XEFE DE PRAIA

☐ SOCORRISTA ACUÁTICO

(Marque cun X o posto para o que presenta a súa solicitude)

SOLICITA, a súa admisión ás probas de referencia, para o que acompaña a documentación prevista na Base 5ª das que rexen o proceso selectivo.

Asemade reseña o seu correo electrónico
e o seu teléfono móbil no que autoriza a facer as comunicacións que se consideren.

(O dato do correo e número de móbil non sendo obrigatorios, permitirán e facilitarán as comunicacións e notificacións).

Declara coñecer as Bases que rexen a presente convocatoria, polo que se compromete ó seu cumprimento.

(LUGAR, DATA E SINATURA)

ANEXO II: TEMARIO

Tema 1.- Anatomía e fisioloxía. Conceptos xerais. Sistemas e aparatos.

Tema 2.- Pautas xerais ante un accidentado. Valoración dun accidentado.

Tema 3.- Reanimación cardiopulmonar.

Tema 4.- Traumatismos. Lesións e contusións.

Tema 5.- Feridas. Hemorrxias.

Tema 6.- Shock. Cadros convulsivos.

Tema 7.- Queimaduras. Trastornos térmicos.

Tema 8.- Intoxicacións.

Tema 9.- Picaduras e mordeduras.

Tema 10.- Principios fundamentais do salvamento acuático.

Tema 11.- Secuencia de actuación no salvamento acuático.

Tema 12.- Técnicas de entrada na auga.

Tema 13.- Flotacións.





Tema 14.- Técnicas de nado adaptadas.

Tema 15.- O buceo.

Tema 16.- Técnicas de control e zafaduras.

Tema 17.- Técnicas de remolque.

Tema 18.- Técnicas para a utilización do material de rescate.

Tema 19.- Técnicas para o rescate de accidentados de columna.

Tema 20.- Técnicas de respiración artificial no medio acuático.

Tema 21.- Técnicas para a extracción de accidentados.

Tema 22.- O salvamento acuático en espazos naturais.

Tema 23.- Praias do Concello de Riveira.

**RESOLUCIÓN EN RELACIÓN Á CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DUNHA
BRIGADA DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS (1 XEFE
DE BRIGADA, 3 PEÓNS E 1 PEÓN CONDUTOR) PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE
PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS NO ANO 2018.**

En relación ao asunto de referencia e con base aos seguintes:

ANTECEDENTES

1.- Na data 04/07/2016, o Concello de Riveira e a Consellería do Medio Rural, asinaron un Convenio de Colaboración para a participación na prevención e defensa contra os incendios forestais mediante a actuación de medios de prevención e defensa contra os incendios forestais durante os anos 2016, 2017 e 2018, cofinanciado parcialmente co fondo Europeo Agrícola de desenvolvemento rural (FEADER) no marco do PDR de Galicia 2014 – 2020.

De conformidade coa cláusula oitava do referido convenio, o concello comprométese a dispor, en todo momento, de brigadas efectivas compostas por 4 ou 5 membros por xornada de traballo, actuando un deles como responsable e coordinador do funcionamento das mesmas para establecer as relacións operativas e de comunicación co persoal do Distrito Forestal ao que pertenza o Concello.

2.- Por Providencia da Alcaldía de data 04/05/2018, dispónse que se proceda á iniciación e tramitación do procedemento administrativo correspondente para a contratación dunha BRIGADA DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS (1 XEFE DE BRIGADA, 3 PEÓNS E 1 PEÓN CONDUTOR), para a prestación do Servizo de Prevención e Defensa contra os incendios forestais no ano 2018, a xornada completa de 40 horas semanais, e polo período de tempo referido na cláusula décima do convenio, coa emisión dos informes xurídico e económico correspondentes, que deberán pronunciarse sobre a posibilidade de realizar a contratación solicitada, a modalidade da contratación utilizada e a existencia de crédito adecuado e suficiente.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Constitución Española.





- Lei 47/2003, do 26 de novembro, Xeral Presupostaria.
- Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.
- Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.
- Lei 3/2017, do 27 de xuño, de Presupostos Xerais do Estado para o ano 2017.
- Real Decreto Legislativo 2/2015 do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores.
- Real Decreto 2720/1998, do 18 de decembro.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.- A selección do persoal funcionario e laboral debe realizarse mediante procedementos nos que se garantan os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como os establecidos a continuación: a) publicidade das convocatorias e das súas bases; b) transparencia; c) imparcialidade e profesionalidade dos membros dos órganos de selección; d) independencia e discrecionalidade técnica na actuación dos órganos de selección; e) adecuación entre o contido dos procesos selectivos e as funcións e tarefas a desenvolver; f) axilidade, sen prexuízo da obxectividade, nos procesos de selección (artigo 55.2 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, no sucesivo TREBEP, e artigo 49 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia).

En canto aos sistemas selectivos, o artigo 61.6 e 7 do TREBEP dispón: “6. Os sistemas selectivos de funcionarios de carreira serán os de oposición e concurso-oposición que deberán incluír, en todo caso, unha ou varias probas para determinar a capacidade dos aspirantes e establecer a orde de prelación. Só en virtude de lei poderá aplicarse, con carácter excepcional, o sistema de concurso que consistirá unicamente na valoración de méritos. 7. Os sistemas selectivos de persoal laboral fixo serán os de oposición, concurso-oposición, coas características establecidas no apartado anterior, ou concurso de valoración de méritos. As Administracións Públicas poderán negociar as formas de colaboración que no marco dos convenios colectivos fixen á actuación das organizacións sindicais no desenvolvemento dos procesos selectivos.” No mesmo sentido se expresa o artigo 57 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.

Non se regula o procedemento de acceso do persoal laboral temporal. Aínda así, **a selección deste persoal debe realizarse respectando os principios básicos recollidos nos artigos 55.2 do TREBEP e 49 da Lei 2/2015**, xa que estes preceptos, á hora de regular os principios que deben respectarse na selección do persoal, non diferenzan entre persoal fixo ou temporal. Iso si, en aplicación do principio recollido no apartado 2 f) do artigo 55 do TREBEP (“axilidade, sen prexuízo da obxectividade, nos procesos de selección”), o procedemento de selección pode simplificarse, sempre e cando se respecten os principios básicos de publicidade e obxectividade.

SEGUNDO.- No caso que nos ocupa, e en cumprimento do convenio de colaboración referido ao inicio deste informe, é necesario proceder á contratación temporal dunha brigada de prevención e defensa contra os incendios forestais, para a prestación do servizo de prevención e defensa contra os incendios forestais no ano 2018, composta por 1 xefe de brigada, 3 peóns e 1 peón condutor. **Ao tratarse de persoal laboral, como sistemas selectivos poden empregarse calquera dos anteriormente referidos, e, ao tratarse de contratacións temporais, o procedemento de selección pode simplificarse, por exemplo, reducindo o prazo dos aspirantes para presentalas súas instancias, do alcalde para ditar**





resolución dos admitidos e excluídos, etc., pero sempre respectando os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

TERCEIRO.- Neste ano 2018, para a incorporación de novo persoal no sector público compre acudir ao artigo 19 da Lei 3/2017, do 27 de xuño, de Presupostos Xerais do Estado para o ano 2017, que se entende prorrogada de conformidade cos artigos 134.4 da CE e 38 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, Xeral Presupostaria, cuxos apartados un, dous, cinco e seis teñen carácter básico.

No referido precepto dispónse que a incorporación de novo persoal no sector público estará suxeita aos límites e requisitos establecidos nos apartados seguintes do citado artigo, coa excepción da incorporación de persoal que poida derivarse da execución de procesos selectivos correspondentes a Ofertas de Emprego Público de exercicios anteriores ou dos procesos de selección e reclutamento para a cobertura das plantillas de militares de Tropa e Mariñeiría profesional fixadas na disposición adicional décima cuarta.

As limitacións á incorporación de novo persoal resultan da aplicación da taxa de reposición de efectivos, que se fixará, agás nos sectores e administracións do apartado Un. 2 do artigo 19, ata un máximo do 50% (apartado Un. 3.).

Para calcular a taxa de reposición de efectivos, a porcentaxe de taxa máxima fixada aplicarase sobre a diferenza resultante entre o número de empregados fixos que, durante o exercicio orzamentario anterior deixaron de prestar servizos en cada un dos respectivos sectores, ámbitos, corpos ou categorías, e o número de empregados fixos que se tiveran incorporado nos mesmos, no referido exercicio, por calquera causa, agás os procedentes de ofertas de emprego público, ou reingresado desde situacións que non impliquen a reserva de postos de traballo (apartado Un.4).

As prazas resultantes deberán incluírse nunha Oferta de Emprego Público que, de conformidade co establecido no apartado 2 do artigo 70 do TREBEP, deberá ser aprobada polos respectivos órganos de Goberno das Administracións Públicas e publicarse no Boletín Oficial da Provincia, da Comunidade Autónoma ou, no seu caso, do Estado, antes da finalización de cada ano (apartado Cinco).

CUARTO.- No presente caso, trátase da contratación de persoal laboral temporal, para o que é preciso ter en conta o disposto no artigo 19.Dous da Lei 3/2017 que dispón o seguinte: *“Non se poderá proceder á contratación do persoal temporal, así como ao nomeamento de persoal estatutario temporal e de funcionarios interinos excepto en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables.”*

A este respecto, consta no expediente **providencia de alcaldía** na que, de conformidade coas atribucións conferidas polo artigo 21.1 letras g) e h) da Lei 7/1985, de 02 de abril, reguladora das bases de réxime local, **xustifica a urxencia e necesidade de realizar a referida contratación:** *“De conformidade co disposto nos artigos 80 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia e 25 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, os Concellos teñen atribuídas competencias en materia de protección civil e a prevención e extinción de incendios. Así, na data 04/07/2016, o Concello de Riveira e a Consellería do Medio Rural, asinaron un Convenio de Colaboración para a participación na prevención e defensa contra os incendios forestais durante os anos 2016, 2017 e 2018, cofinanciado parcialmente co fondo Europeo Agrícola de desenvolvemento rural (FEADER) no marco do PDR de Galicia 2014 – 2020. De conformidade coa cláusula oitava do referido Convenio: “O Concello comprométese a: 1. Dispor, en todo momento, de brigadas efectivas compostas por 4 ou 5 membros, por xornada de traballo, actuando un deles como*





responsable e coordinador do funcionamento das mesmas para establecer as relacións operativas e de comunicación co persoal do Distrito Forestal ao que pertenza a entidade local.” E de conformidade co punto 3º do ANEXO I do citado convenio: “a entidade local comprométese de forma anual ao desenvolvemento das seguintes accións: ... 3. A contratación de 1 brigada, de 5 operarios cada unha, para o desenvolvemento de labores de vixilancia e defensa e para a realización de até un máximo de 10,03 hectáreas/brigada de traballos de prevención mediante o control do combustible de forma manual.” Polo exposto, é necesario a contratación dunha brigada efectiva composta por 5 membros (1 xefe de brigada, 3 peóns e 1 peón condutor) para a efectividade e o cumprimento do citado Convenio, contratación que pode entenderse que ten un carácter excepcional, xa que a súa duración é limitada no tempo, é dicir, ten unha temporalidade que ven determinada na cláusula décima do referido convenio que dispón o seguinte: “Os prazos de operatividade anual obxecto do convenio para os VMV/s e brigadas serán os seguintes: - 3 meses o período de operatividade para cada un dos 2 vehículos motobombas; - 3 meses o período de operatividade para cada brigada conveniada. 2. O comezo de operatividade dos medios será entre os días 1 e 31 de xullo. Por causas xustificadas poderá demorarse a data de inicio prevista anteriormente nun máximo de 31 días naturais o que quedará acreditado na correspondente acta da Comisión de Seguimento na que se deixará constancia da nova data de inicio. Neste caso o período previsto de operatividade contarase a partir desa nova data, sen que o prazo máximo das actuacións a desenvolver e a súa xustificación poidan superar cada ano o límite establecido na cláusula décimo quinta.” Con esta contratación pretende cubrirse unha necesidade, senón urxente, polo menos, si inaprazable, xa que a contratación debe realizarse para un período de tempo determinado, coincidente coa época de perigo alto de incendios, de xeito que unha vez que este período remate a contratación xa non tería razón de ser. Cómpre recordar que o artigo 26 da Lei 7/1985, de bases de réxime local, recolle no seu apartado 1º, letra c), como servizo obrigatorio para os municipios con poboación superior a 20.000 habitantes, o de prevención e extinción de incendios, polo que, en tanto que é un servizo obrigatorio podería considerarse esencial.”

Entendese así, que se cumpre co disposto no artigo 19.Dous da citada lei estatal, xa que o límite citado polo artigo (“necesidades urxentes e inaprazables”) resulta un concepto xurídico indeterminado, cuxo significado debe determinarse caso por caso pola Administración competente para a súa aplicación, sen prexuízo dun eventual control xudicial a posteriori da mesma.

QUINTO.- En canto á modalidade contractual que pode utilizarse neste caso, cómpre realizar as seguintes apreciacións.

O mercado laboral temporal sostense sobre non demasiadas modalidades contractuais, que nos gusten ou non, son as que existen baixo pena de incorrer na creación dun novo “*laboral indefinido-non fixo*”, que se basea na teoría creada polo TS a finais dos anos noventa, doutrina que pode considerarse consolidada e amplamente aceptada tanto no ámbito da xurisprudencia como no ámbito da doutrina científica, en cuxa conformidade a irregular celebración de contratos temporais pola Administración Pública sáldase coa





conversión da relación laboral temporal nunha relación de carácter indefinido, que pervivirá ata a cobertura do posto polos trámites regulamentarios. A doutrina comezou a alumearse a partir da Sentenza do TS de 07/10/1996, que foi reiterada en posteriores pronunciamentos do TS, consagrándose definitivamente a partir da Sentenza do 20/01/1998.

Á ausencia de modalidades contractuais, hai que engadir que a Disposición Adicional 15ª ET traslada ao ámbito da contratación laboral coa Administración Pública a regra contida no artigo 15.5 ET, determinante da transformación automática e inevitable da relación temporal previa nunha relación por tempo indefinido no singular suposto de que un mesmo traballador tivera sido contratado baixo dous ou mais contratos sucesivos, con ou sen solución de continuidade entre eles, das modalidades de obra ou servizo determinado ou eventuais, durante un período superior a 24 meses nun período de referencia de 30 meses.

Con este panorama, débese acudir correctamente á modalidade de contrato para obra ou servizo determinado, contrato eventual por circunstancias da produción, ou contrato de interinidade (artigo 15.1 a), b) e c)), ós que hai que sumar os contratos formativos do artigo 11 do ET.

Para simplificar a problemática que ocasiona o conciso marco de contratación temporal aplicable ás Administracións Públicas, o artigo 10 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, acuñou dúas novas figuras de funcionario interino que permiten diminuír o uso do contrato temporal e as consecuencias que tal uso pode supoñer para as entidades públicas: o funcionario interino para a execución de programas de carácter temporal (un símil funcional do contrato de obra ou servizo determinado) e o funcionario interino por exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de 6 meses dentro dun período de 12 meses (equivalente en gran medida ao contrato temporal eventual).

Estas figuras de funcionario interino tamén se atopan reguladas no artigo 23 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia.

Ámbalas dúas normas expresan as características esenciais da figura do funcionario interino:

- O seu nomeamento obedece sempre a razóns de urxencia e necesidade e;
- O dito nomeamento é para desempeñar funcións propias dos corpos ou escalas dos funcionarios de carreira.

En definitiva, a única receita para non incorrer en fraude de lei á hora de formalizar contratacións laborais temporais é avaliar previamente ás verdadeiras necesidades municipais a cubrir e formalizar a modalidade de contrato que sexa acorde coa causa temporal que o xustifique.

SEXTO.- Enténdese que, neste caso, a modalidade contractual que debe empregarse é o contrato de duración determinada por obra ou servizo determinado, regulado no artigo 15.1 a) do Real Decreto Lexislativo 2/2015 do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores e no artigo 2 do Real Decreto 2720/1998, do 18 de decembro.

De conformidade coa sentenza do Tribunal Supremo do 19 de marzo de 2002, os requisitos para a validez do contrato de obra ou servizo determinado son os seguintes:

- Que a obra ou servizo que constituía o seu obxecto, presente autonomía e sustentividade propia dentro o do que é a actividade laboral da empresa.
- Que a súa execución, aínda que limitada no tempo, sexa en principio de duración





incerta.

- Que se especifique e identifique no contrato, con precisión e claridade, a obra ou o servizo que constitúe o seu obxecto.
- Que no desenvolvemento da relación laboral, o traballador sexa normalmente ocupado na execución daquela ou no cumprimento deste, e non en tarefas distintas.

No presente caso, o servizo de prevención e extinción de incendios é un servizo de prestación obrigatoria para o Concello de Riveira (artigo 26.1 c) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local), polo que, en principio, podería dubidarse da súa autonomía propia dentro da actividade do concello, e polo tanto, de si a modalidade contractual do artigo 15.1 a) do ET é a máis idónea. A este respecto, sen embargo, cómpre ter en conta as sentenzas do TS que recoñecen a existencia de obra ou servizo determinado de duración limitada para certos plans ou programas públicos singulares ou ocasionais, como os de prevención de incendios (STS 10/06/1994 Ar. 5422: *“El objeto de los contratos celebrados entre las partes en 1992, en cuanto dirigidos a la cobertura de la campaña de extinción de incendios forestales, a cuyo fin los demandantes eran contratados como peones especializados de incendios, cumple plenamente las previsiones del artículo 2.1 del Real Decreto 2104/1984: se trata de la realización de obra o servicio determinado con autonomía y sustantividad propia dentro de la actividad de la empresa (referida en este caso, como genéricamente indica su propio nombre, a la conservación de la naturaleza), siendo claro, además, que su ejecución no es ilimitada en el tiempo pero sí es de duración en principio incierta. No se desconoce la reiteración con que el hecho del incendio forestal se produce en la época estival de cada año, mas ello no es suficiente para fundamentar la estimación de que se está ante una contratación de carácter fijo, periódico y discontinuo. Sobre este particular debe resaltarse, en primer lugar, el hecho de la dependencia presupuestaria del organismo demandado, de modo que solo podrá proporcionar la cobertura necesaria para la vigilancia y extinción de los incendios en función de sus disponibilidades de tal orden, que pueden diferir de un año a otro. En segundo lugar, pueden también variar las planificaciones anuales, con sus concretos y objetivos específicos, en atención a las características de cada temporada. En tercer lugar, precisamente por las razones expuestas, relativas a la planificación anual en función de las disponibilidades presupuestarias y de las características de cada temporada, y, en todo caso, por la propia naturaleza del trabajo a desarrollar, ha de entenderse que es para cada período concreto, y no con carácter permanente, la suficiencia acreditada por los interesados en las pruebas físicas y de otro orden previstas en las respectivas bases de convocatoria.”*; STS 03/11/94 r. 8590; STS10/04/95 Ar. 3038).

Neste caso concreto, a prevención e defensa contra os incendios forestais tamén é unha competencia da Xunta de Galicia, en concreto, da Consellería do Medio Rural, sendo un servizo que se presta baixo a colaboración do ente autonómico, a través do correspondente convenio de colaboración que é coordinado polas autoridades e persoal dos distritos forestais correspondentes dependentes da Xunta de Galicia e cuxo período de prestación ben determinado polo órgano autonómico competente en función das datas de maior risco de incendios. Por todo isto, pode entenderse que o servizo de prevención e extinción de incendios ten autonomía dentro da actividade normal do concello, isto é, polas súas características específicas que fai que se trate dun servizo moi concreto, porque se presta nun período determinado do ano, porque na relación de postos de traballo do Concello que se consideran estruturais non se contemplan estes postos de traballo, etc.

A temporalidade do servizo resulta acreditada no *“Convenio de Colaboración entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Riveira para a participación na prevención e*





defensa contra incendios forestais mediante a actuación de medios de prevención e defensa, cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de desenvolvemento rural FEADER no marco do PDR de Galicia 2014-2020” que dispón na súa cláusula décima que: “1. Os prazos en meses de operatividade anual obxecto do convenio para as VMB e brigadas serán os seguintes: (...) 3 meses o período de operatividade para cada brigada conveniada. 2. O comezo de operatividade dos medios será entre os días 1 e 31 de xullo. Por causas xustificadas poderá demorarse a data de inicio prevista anteriormente nun máximo de 31 días naturais o que quedará acreditado na correspondente acta da Comisión de Seguimento na que se deixará constancia da nova data de inicio. Neste caso o período previsto de operatividade contarase a partir desa nova data, sen que o prazo máximo das actuacións a desenvolver e a súa xustificación poidan superar cada ano o límite establecido na cláusula décima quinta”.

No contrato por obra ou servizo determinado deberán terse en conta os seguintes aspectos formais:

- O contrato deberá formalizarse sempre por escrito, debendo especificarse o carácter temporal da contratación e identificar suficientemente, con precisión e claridade, a obra ou o servizo que constitúe o seu obxecto.
- O contrato comunicarse ao INEM ou ao Servizo Público de Emprego da Comunidade Autónoma de Galicia nos dez días seguintes á súa concertación.
- Pode celebrarse a xornada completa ou a tempo parcial.
- Pode converterse período de proba, cos límites de duración que, no seu caso, se prevea nos convenios colectivos.
- O contrato debe durar o tempo necesario para a realización da obra ou servizo encargado. Si o contrato fixa unha duración ou un termino, estes deben considerarse de carácter orientativo, por canto o fin do contrato está condicionado ao fin do traballo contratado.
- O contrato extínguese pola realización da obra ou servizo obxecto do contrato, previa denuncia ou comunicación pola empresa, que pode ser verbal ou escrita, sempre que se acredite a súa recepción polo traballador. Se o contrato é dunha duración superior a un ano, a previa denuncia deberá facerse con 15 días de antelación (preaviso). Realizada a obra ou o servizo, senón houbera denuncia do contrato e se continuase na prestación laboral, o contrato considerase prorrogado tácitamente por tempo indefinido, salvo proba en contrario que acredite a natureza temporal da prestación.

SÉTIMO.- Deberá terse en conta o acordo de inaplicación do Convenio Colectivo do persoal laboral do Concello de Riveira en materia de duración de xornada laboral semanal para o persoal laboral temporal que se contrate para a prestación dos servizos municipais propios do período estival, asinado entre o Concello de Riveira e o Comité de Empresa na data 25/04/2013, de conformidade co establecido no artigo 41.4 do ET, en relación co artigo 82.3 do mesmo texto legal.

OITAVO.- O órgano municipal competente para a aprobación das Bases é a Xunta de Goberno Local, de conformidade co Decreto de delegacións de competencias asinado pola Alcaldía na data 01/07/2015.





Por todo isto, visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto pola Técnico de Administración Xeral, María Sieira Ríos, de data 14/05/2018, e visto o informe de fiscalización previa limitada emitido polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 14/05/2018, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Primeiro.- Aprobar as bases que a continuación se transcriben para a contratación dunha BRIGADA DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS (1 XEFE DE BRIGADA, 3 PEÓNS E 1 PEÓN CONDUTOR) para a prestación do servizo de prevención e defensa contra os incendios forestais no ano 2018.

Segundo.- Ordenar a publicación das citadas Bases no “Boletín Oficial da Provincia” de conformidade co disposto no artigo 97 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Terceiro.- Dar conta da aprobación das presentes Bases aos representantes sindicais de persoal.

BASES PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DUNHA BRIGADA DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS (1 XEFE DE BRIGADA, 3 PEÓNS E 1 PEÓN CONDUTOR) PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS NO ANO 2018.

1ª.- OBXECTO DA CONVOCATORIA.

É obxecto desta convocatoria a contratación laboral temporal, a través do proceso de selección de concurso-oposición, de 1 XEFE DE BRIGADA, 3 PEÓNS E 1 PEÓN CONDUTOR para a formación da BRIGADA MUNICIPAL DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS, co fin de prestar o referido servizo no ano 2018, en virtude do Convenio de Colaboración subscrito entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Riveira para a participación na prevención e defensa contra os incendios forestais mediante a actuación de medios de prevención e defensa contra os incendios forestais durante os anos 2016-2017-2018, cofinanciado parcialmente co fondo Europeo Agrícola de desenvolvemento rural (FEADER) no marco do PDR de Galicia 2014-2020, todo elo de conformidade co disposto no Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, na Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, no Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, e demais disposicións de pertinente aplicación.

2ª.- MODALIDADE DE CONTRATACIÓN E DURACIÓN DO CONTRATO.

Os contratos formalizaranse baixo a modalidade de duración determinada, por obra ou servizo determinado, segundo o disposto no artigo 15.1.a do Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores e artigo 2 do Real Decreto 2720/1998, do 18 de decembro, ditado en desenvolvemento do Estatuto dos Traballadores, para a prestación do Servizo de Prevención e Defensa Contra Incendios Forestais no ano 2018, a xornada completa (40 horas semanais), que se prestarán en horario que se distribuirá segundo as necesidades e organización do servizo, en quendas de mañá ou de tarde, tódolos días da semana, cos descansos que regulamentariamente correspondan.





A duración dos contratos será de 3 meses.

As retribucións básicas, complementarias e extraordinarias que corresponden a cada posto de traballo, por tódolos conceptos salariais, son as que figuran no orzamento municipal vixente, coas actualizacións que procedan para as seguintes anualidades. Neste caso concreto, para o xefe da brigada son as correspondentes ao Grupo IV do Convenio, nivel 14, e para os peóns e para o peón condutor son as correspondentes ao Grupo V do Convenio, nivel 12.

3ª.- CONDICIÓN DOS ASPIRANTES.

Para tomar parte neste proceso selectivo, os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

3.1. Requisitos xerais para os postos de XEFE DE BRIGADA, PEÓNS E PEÓN CONDUTOR:

- a) Ter a nacionalidade española. Tamén poderán participar as persoas que posúan a nacionalidade doutros estados membros da Unión Europea; as persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, que sexan cónxuxes de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separadas de dereito; as persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, descendentes de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que sexan menores de vinte e un anos ou maiores da devandita idade dependentes; as persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, descendentes do cónxuxe non separado de dereito de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que sexan menores de vinte e un anos ou maiores da devandita idade dependentes; as persoas incluídas no ámbito de aplicación dos tratados internacionais subscritos pola Unión Europea e ratificados por España nos cales sexa aplicable a libre circulación de traballadores; e as demais persoas estranxeiras con residencia legal en España.
- b) Ter feitos os 16 anos e non exceder, de ser o caso, a idade máxima de xubilación forzosa.
- c) Non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que impida o desempeño das funcións propias do posto de traballo para o que se opta. A estes efectos, establécese a igualdade de condicións das persoas con discapacidade coas demais aspirantes, non podendo fixarse con carácter xeral limitacións físicas ou psíquicas senón nos casos en que sexan incompatibles co normal desempeño do traballo correspondente, adoptándose polo Tribunal Cualificador medidas e medios para a realización das probas, de forma que gocen da igualdade de oportunidades cos demais participantes. A condición de discapacidade e a súa compatibilidade acreditarase con certificación expedida polo órgano competente.
- d) Non incorrer en causa de incompatibilidade ou de incapacidade, conforme á normativa vixente.
- e) Non ter sido despedido mediante expediente disciplinario de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se trate de acceder á mesma categoría profesional á cal se pertencía. No caso de ser nacional doutro Estado, non acharse inhabilitado ou en situación equivalente nin haber sido sometido a sanción disciplinaria ou





equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

3.2. Requisitos específicos para o posto de XEFE DE BRIGADA:

a) Estar en posesión (ou en condicións de obtelo na data en que remate o prazo de presentación de instancias) dalgunha das seguintes titulacións: enxeñeiro de montes, enxeñeiro técnico forestal, técnico superior en xestión e organización de recursos naturais e paisaxísticos, técnico en traballos forestais e conservación do medio natural ou formación profesional equivalente que deberá acreditar mediante documento oficial expedido polo organismo competente. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberase estar en posesión (na mesma data do remate do prazo para presentar as instancias) da Credencial que acredite a súa homologación, expedida polo Organismo competente.

b) Estar en posesión do permiso de conducir da clase B, en plena vixencia e sen ningún tipo de limitación á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

3.3. Requisitos específicos para os postos de PEÓNS:

a) Estar en posesión (ou en condicións de obtelo na data en que remate o prazo de presentación de instancias) do certificado de escolaridade ou equivalente, que deberá acreditar mediante documento oficial expedido polo organismo competente. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberase estar en posesión (na mesma data do remate do prazo para presentar instancias) da Credencial que acredite a súa homologación, expedida polo Organismo competente.

3.4. Requisitos específicos para o posto de PEÓN CONDUTOR:

a) Estar en posesión (ou en condicións de obtelo na data en que remate o prazo de presentación de instancias) do certificado de escolaridade ou equivalente, que deberá acreditar mediante documento oficial expedido polo organismo competente. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberase estar en posesión (na mesma data do remate do prazo para presentar instancias) da Credencial que acredite a súa homologación, expedida polo Organismo competente.

b) Estar en posesión do permiso de conducir da clase B, en plena vixencia e sen ningún tipo de limitación á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

Tódolos requisitos esixidos nesta Base deberanse cumprir polos/as aspirantes na data en que remate o prazo de presentación de instancias, e mantelos ata o momento da formalización dos contratos.

4ª.- DEREITOS DE EXAME

As persoas aspirantes ao posto de xefe de brigada deberán ingresar a cantidade de 12,18 euros, e as persoas aspirantes aos postos de peón e peón condutor deberán ingresar a cantidade de 8,14 euros, de conformidade co disposto no artigo 6, epígrafe 5 da Ordenanza Fiscal reguladora da taxa pola expedición de documentos e pola participación en procedementos administrativos, que será devolta unicamente nos supostos establecidos na referida Ordenanza Fiscal.

O dito importe poderase facer efectivo mediante autoliquidación:

- Presencial, na oficina de atención cidadá sita na planta baixa da Casa Consistorial (horario de atención ao público de luns a venres de 9:30 a 13:30 horas)
- Vía web, no enlace <https://ventanilla.riveira.es/index.php?id=68>, seleccionando as seguintes opcións:





- Tributo: **Dereitos de exame**
- A liquidar: **Grupo D ou asimilado (para o posto de xefe de brigada) e Grupo E ou asimilado (para o postos de peón e peón condutor).**

- Observacións: Nome da praza á que se opta

Mentres non estea habilitada a opción de “pagar on line” os interesados deberán optar pola opción “imprimir recibo” e efectuar o ingreso en calquera das seguintes entidades financeiras: ABANCA, BBVA, CAIXABANK, BANCO PASTOR, BANCO POPULAR, BANCO SABADELL ou BANCO SANTANDER.

En ningún caso a presentación e pago da taxa por dereito de exame suporá a substitución do trámite de presentación da instancia.

De conformidade co disposto no artigo 7 da citada Ordenanza Fiscal, están exentos da taxa por dereitos de exame as persoas que estean en situación de desemprego, e figuren como tales no correspondente Servizo Público de Emprego.

5ª.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

As solicitudes para tomar parte neste proceso selectivo faranse mediante instancia dirixida ao señor Alcalde, en modelo que se engade como ANEXO I, na que se fará constar que se reúnen todos e cada un dos requisitos establecidos na Base Terceira desta convocatoria.

Os/as aspirantes con algunha discapacidade terán que indicalo na solicitude, acompañada da correspondente documentación acreditativa da mesma. Así mesmo, terán que solicitar as posibles adaptacións de tempo e medios para a realización dos exercicios nos que esta adaptación sexa necesaria.

As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral do Concello (de luns a venres de 9:30 a 13:30 horas) durante o prazo de DEZ (10) DÍAS NATURAIS, que se iniciará o día seguinte ó da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia da Coruña. Tamén se poderán presentar na forma que determina o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; neste caso, os/as aspirantes deberán comunicalo ao Concello mediante telefax durante o mesmo prazo que o de presentación de instancias (número de fax do Concello: 981 871610), ou ben mediante correo electrónico enviando un e-mail á dirección: maria.sieira.rios@riveira.com, co fin de que, rematado o prazo de presentación de instancias, sen telas recibido, se pospoña a elaboración da relación de admitidos/as e excluídos/as provisional ata recibir a documentación remitida polo/a aspirante.

Se conforme a ese precepto se presentan a través das oficinas de correos, deberá aparecer o selo na propia solicitude. Doutro modo, a data de anotación no Rexistro Xeral será a que se teña en conta a tódolos efectos.

En cumprimento do artigo 28 do Convenio Colectivo do Persoal Laboral do Concello de Riveira a convocatoria tamén se anunciará nun xornal de tirada provincial. Así mesmo se procederá á súa publicación no Taboleiro de Edictos e na páxina web municipal (www.riveira.es) no apartado *taboleiro de anuncios*.

A non presentación da solicitude en tempo e forma suporá a exclusión do/a aspirante.

Xunto coa solicitude para tomar parte neste proceso selectivo os/as aspirantes deberán achegar, inescusablemente, a seguinte documentación:

5.1. Documentación xeral para os postos de XEFE DE BRIGADA, PEÓNS E PEÓN CONDUTOR:

- a) Xustificante do ingreso dos dereitos de exame ou acreditación de situación de desemprego para o caso da exención da taxa. A situación de desemprego





acreditarse mediante un certificado de situación administrativa ou un certificado de períodos de inscrición (este último acompañado de vida laboral), de data actual.

b) Copia do Documento Nacional de Identidade ou documento identificativo.

c) Copia do título que exige a realización da proba de lingua galega.

f) Relación dos méritos que aleguen para a súa validación na fase do concurso, que se acompañara da copia da documentación acreditativa dos mesmos.

5.2. Documentación específica para o posto de XEFE DE BRIGADA:

a) Copia da titulación académica esixida na Base 3ª, apartado 3.2. a).

b) Copia do permiso de conducir da clase B.

5.3. Documentación específica para os postos de PEÓNS:

a) Copia da titulación académica esixida na Base 3ª, apartado 3.3.a).

5.4 Documentación específica para o posto de PÉON CONDUTOR:

a) Copia da titulación académica esixida na Base 3ª, apartado 3.4.a).

b) Copia do permiso de conducir da clase B.

Non se terán en conta nin serán valorados aqueles méritos que non estean acreditados na forma indicada. Tampouco se terán en conta aqueles méritos que non se acrediten suficientemente no momento de rematar o prazo de presentación das instancias.

Para que teñan validez neste proceso selectivo, todos os documentos que se presenten deberán estar expedidos nalgunha das linguas oficiais na Comunidade Autónoma de Galicia (galego ou castelán). No caso de tratarse de documentos expedidos noutras Comunidades Autónomas do Estado Español, para que teñan validez deberán estar redactados en lingua castelá ou traducidos polo organismo competente da respectiva Comunidade. Tratándose de documentos expedidos nun país estranxeiro, deberán estar debidamente traducidos, validados e apostilados pola correspondente oficina diplomática española ou organismo competente.

Os/as aspirantes que non posúan a nacionalidade española e sexan nacionais dun Estado membro da Unión Europea, con dereito a participar nalgún proceso selectivo, deberán presentar unha fotocopia do Pasaporte ou documento que acredite a súa identidade e nacionalidade. De ser o caso, tamén presentaran os documentos que confirmen o vínculo de parentesco e o feito de vivir a expensas ou estar a cargo dunha persoa nacional doutro Estado co que teña o dito vínculo. Así mesmo, deberán achegar unha declaración xurada ou promesa da dita persoa de que non está separado de dereito do seu cónxuxe e, de ser o caso, do feito de que o aspirante vive ás súas expensas ou de que está ao seu cargo.

Os/as demais aspirantes estranxeiros/as, xunto coa fotocopia do seu Pasaporte en vigor, deberán acompañar copia do documento que acredite que están habilitados a residir e a poder acceder sen limitación ao mercado laboral en España.

Coa presentación da instancia para tomar parte no proceso selectivo entenderase que os/as interesados/as aceptan e acatan todas e cada unha das Bases desta convocatoria.

6ª.- PUBLICIDADE, PRESENTACIÓN, NOTIFICACIÓNS E COMUNICACIÓNS.

A convocatoria correspondente as presentes bases, efectuarase a través de anuncios no Boletín Oficial da Provincia e nun xornal de tirada provincial, conxuntamente coa súa publicación na páxina web e no taboleiro de anuncios do Concello. As demais comunicacións que deban efectuarse, así como as relativas a resolucións ou actos do Tribunal faranse públicas a través da páxina web e taboleiro de anuncios. A presentación de instancias farase a través do rexistro municipal, ou a través de calquera dos xeitos admitidos na lexislación xeral de procedemento administrativo, tal e como se especifica na base 5ª desta convocatoria.





As publicacións na páxina web do Concello faranse a título informativo e complementario, e non terán validez a efectos de cómputo de prazos e a información de carácter persoal contida na mesma será posible baixo a consideración de que os/as aspirantes, coa sinatura da instancia solicitando participar no proceso selectivo, se someten e aceptan todo o clausulado establecido na presente convocatoria e bases reguladoras. Os restantes usos dos datos persoais contados nas solicitudes serán de carácter interno e uso restrinxido.

7.- ADMISIÓN DOS ASPIRANTES.

Unha vez rematado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía ditará Resolución no prazo máximo dun mes, declarando aprobada a lista provisional de aspirantes admitidos e excluídos, con indicación, se é o caso, das causas de exclusión. Na lista deberán constar, en todo caso, os apelidos, nome e número de documento nacional de identidade. Esta resolución publicarase no taboleiro de anuncios do Concello e será determinante para os efectos de posibles impugnacións e recursos, de conformidade co previsto na lei. Así mesmo, e sempre que sexa posible, a citada resolución publicarase, a título informativo e complementario, na web do concello (www.riveira.es), no apartado “*taboleiro de anuncios*”.

Os/as aspirantes excluídos/as dispoñen dun prazo de dous días hábiles contado desde o seguinte ó da publicación da antedita resolución, para presentar as reclamacións oportunas ou emendas de defectos.

A presentación de reclamacións, no seu caso, non suspenderá o proceso selectivo, salvo que así o acorde a Alcaldía.

Posteriormente, o Alcalde declarará aprobada a lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as, que se publicará no taboleiro de anuncios do Concello. Na mesma resolución o alcalde determinará o lugar, data e hora do comezo do proceso selectivo, así como a composición do Órgano de selección. Así mesmo, e sempre que sexa posible, a citada resolución publicarase, a título informativo e complementario, na web do concello (www.riveira.es), no apartado “*taboleiro de anuncios*”.

A inclusión dos/as aspirantes nas listas de admitidos/as non supón, en ningún caso, o recoñecemento por parte desta Administración Municipal de que aqueles reúnen os requisitos esixidos para ser nomeados para a súa contratación, requisitos que se deberán acreditar segundo o establecido na Base 12ª.

8ª.- TRIBUNAL CUALIFICADOR.

Os membros do Tribunal Cualificador do proceso selectivo serán designados polo Alcalde segundo o disposto no artigo 60 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público e no artigo 59 da Lei 2/2015 do 29 de abril, do emprego público de Galicia e en atención ó principio de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros.

Estará constituído por cinco persoas titulares e cinco suplentes, presidente/a, tres vogais e secretario/a.

Os membros do Tribunal Cualificador deben pertencer a un corpo, escala ou categoría profesional para o ingreso no cal se requira unha titulación de nivel igual ou superior ao esixido para participar no proceso selectivo.

Deberá tenderse na súa composición, á paridade entre home e muller.

Non poderán formar parte do Tribunal o persoal de elección ou de designación política, o persoal interino ou o persoal laboral temporal e o persoal eventual, nin tampouco as persoas que nos cinco anos anteriores á publicación da convocatoria realizasen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas ou colaborasen durante ese período con centros de preparación de opositores.





A pertenza ao mesmo será sempre a título individual, sen que se poida desempeñar esta en representación ou por conta de ninguén.

O Tribunal de selección poderá dispoñer a incorporación de asesores especialistas, para todas ou algunhas das probas, que colaborarán co órgano de selección exclusivamente no exercicio das súas especialidades técnicas sen que sexan integrantes do Tribunal, correspondéndolle o asesoramento e ilustración do parecer dos seus membros.

A súa composición farase pública na mesma Resolución da Alcaldía pola que se aproba a lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos.

Os membros do Tribunal deberán absterse de intervir, notificándoo á autoridade convocante, cando concorran as circunstancias previstas nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Igualmente, os/as aspirantes poderán recusar ós membros do Tribunal cando concurra algunha das circunstancias a que se refire o parágrafo anterior.

O Tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos seus membros (sexan titulares ou suplentes, indistintamente). En todo caso, será precisa a asistencia do Presidente e do Secretario.

Todos os membros do Tribunal Cualificador que se designen para xulgar as respectivas probas selectivas actuarán con voz e voto.

As decisións do Tribunal Cualificador adoptaranse por maioría de votos dos membros presentes, resolvendo, en caso de empate, o voto de calidade do seu Presidente.

O Tribunal Cualificador queda autorizado para resolver as dúbidas que se presenten e para toma-los acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo, en todo o non previsto nestas Bases.

Ós efectos de percepción de dietas por asistencias por parte dos membros concorrentes ás sesións que celebre o Tribunal Cualificador, estarase ó disposto nos artigos 29 e seguintes do Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.

9ª.- DESENVOLVEMENTO DO PROCESO SELECTIVO.

A data e máis a hora na que deberá constituírse o tribunal, así como o día e a hora para o comezo do proceso selectivo convocado serán determinados polo Alcalde mediante resolución, xuntamente coa aprobación da lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as e a composición do tribunal, que se publicará no taboleiro de anuncios do Concello. Así mesmo, e sempre que sexa posible, publicárase, a título informativo e complementario, na web do concello (www.riveira.es), no apartado “*taboleiro de anuncios*”.

O sistema de selección é o de **CONCURSO-OPOSICIÓN**, que consistirá na realización das fases que se refiren a continuación.

Entre o remate dunha proba e a realización da outra deberá transcorrer como mínimo 24 horas, sen embargo, cando o Tribunal o considere conveniente, poderá acordar a celebración de varios exercicios nunha mesma xornada, concedéndolles aos opositores un descanso mínimo de trinta minutos entre a celebración deles, ou na xornada seguinte, deixando transcorrer un prazo mínimo de 12 horas.

Os horarios serán determinados polo Tribunal e non se celebrarán en días festivos, podendo ser en horario de mañá ou tarde.

Os/as aspirantes serán convocados/as en chamamento único, quedando decaídos no seu dereito aqueles que non comparezan, salvo casos debidamente xustificadas e apreciados discrecionalmente polo tribunal.

Os/as aspirantes deberán presentarse para realizaren os exercicios provistos do D.N.I., ou documento fidedigno acreditativo da súa personalidade a xuízo do tribunal, e tamén dos medios materiais adecuados que sexan necesarios para a práctica dos mesmos.





Comezada a práctica do exercicio, o tribunal poderá requirirles en calquera momento ós/ás aspirantes que acrediten a súa identidade.

A orde de actuación dos/das aspirantes será alfabético.

A publicación dos resultados obtidos por cada aspirante en cada un dos exercicios, así como o anuncio convocando os/as aspirantes para a celebración de cada exercicio, farase exclusivamente no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello. Así mesmo, e sempre que sexa posible, publicaráse, a título informativo e complementario, na web do Concello (www.riveira.es), no apartado “*taboleiro de anuncios*”.

1ª FASE: CONCURSO DE MÉRITOS: Valorarase ata un máximo de 8 puntos, e consistirá na valoración dos méritos alegados e debidamente acreditados polas persoas aspirantes segundo os baremos referidos a continuación. A estes efectos, o Tribunal avaliador reunirse en sesión non pública para proceder á súa valoración.

A documentación que haberá de presentarse para xustificar os méritos que se alegan para a súa valoración, será a seguinte en cada caso:

- A **acreditación da experiencia profesional** efectuarase mediante certificado de vida laboral expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social acompañado do certificado de empresa no que conste a categoría na que se teñen prestado os servizos e/ou contrato de traballo e/ou calquera outro certificado ou documento oficial que acredite de xeito fidedigno o tempo traballado e a categoría profesional desempeñada. A non presentación de ámbolos dous documentos (**vida laboral + certificado de empresa e/ou contrato de traballo e/ou calquera outro certificado ou documento oficial que acredite de xeito fidedigno o tempo traballado e a categoría profesional desempeñada**) suporá a non valoración do mérito alegado.
- A **experiencia como voluntario nunha agrupación de voluntarios de protección civil** acreditarase cun certificado da agrupación de voluntarios onde se recolla o tempo exacto que leva prestando servizos en prevención e defensa contra os incendios forestais.
- A **acreditación da formación** realizarase mediante o correspondente certificado da súa realización expedido pola EGAP, Universidade ou calquera Administración Pública, organismos da administración e institucións públicas ou debidamente homologadas por esta. Non serán obxecto de valoración os certificados expedidos por academias privadas senón se xustifica a homologación sinalada.

Os cursos nos que non se exprese ningunha duración non serán valorados.

A cualificación dos méritos na fase de concurso será anterior á fase de oposición e as puntuacións outorgadas publicaranse no taboleiro de anuncios do Concello e, de ser posible, na súa páxina web. Co resultado das citadas puntuacións comunicárase a data, hora e lugar de celebración da fase de oposición.

A puntuación obtida na fase de concurso non terá carácter eliminatorio e non poderá terse en conta para superar o exercicio da fase de oposición.

1.1. Baremo para o posto de XEFE DE BRIGADA:

- a) **Experiencia profesional** (ata un máximo de 5,00 puntos):
- Por cada mes completo desempeñando un posto de traballo como xefe de brigada nas brigadas de prevención e defensa contra os incendios forestais na Xunta de Galicia, nos Concellos ou nas empresas públicas: 0,20 puntos por mes completo.





- Por cada mes completo desempeñando un posto de traballo como capataz do GRUMIR ou de Grupo Municipal de Emerxencias: 0,15 puntos por mes completo.

Neste apartado non se computarán os tempos de servizo que se prestaran simultaneamente a outros tamén alegados e valorados, sexan prestados ou non na mesma empresa.

b) Formación complementaria (ata un máximo de 3 puntos):

Por participar en actividades formativas (cursos, seminarios, congresos, xornadas), sempre que se atopen relacionadas coas funcións a desenvolver e organizados, ben por unha Administración Pública, unha Universidade ou impartidos por empresas privadas homologados por unha Administración Pública:

- Por cursos de 10 a 20 horas de duración: 0,10 puntos.
- Por cursos de 21 a 40 horas de duración: 0,20 puntos.
- Por cursos de 41 a 60 horas de duración: 0,30 puntos.
- Por cursos de 61 a 100 horas de duración: 0,40 puntos.
- Por cursos de máis de 100 horas de duración: 0,50 puntos.

1.2. Baremo para o posto de PEÓN:

a) Experiencia profesional (ata un máximo de 4,00 puntos):

- Por cada mes completo desempeñando un posto de traballo como peón nas brigadas de prevención e defensa contra os incendios forestais na Xunta de Galicia, nos Concellos ou nas empresas públicas: 0,20 puntos por mes completo.
- Por cada mes completo desempeñando un posto de traballo como peón do GRUMIR ou de Grupo Municipal de Emerxencias: 0,15 puntos por mes completo.

Neste apartado non se computarán os tempos de servizo que se prestaran simultaneamente a outros tamén alegados e valorados, sexan prestados ou non na mesma empresa.

b) Experiencia como voluntario en agrupacións de voluntarios de protección civil prestando servizos en prevención e defensa contra os incendios forestais (ata un máximo de 2,5 puntos).

Por cada mes completo desempeñando funcións de voluntario de protección civil nunha agrupación de voluntarios de protección civil prestando servizos en prevención e defensa contra os incendios forestais: 0,10 puntos por mes completo.

c) Formación complementaria (ata un máximo de 1,5 puntos):

Por participar en actividades formativas (cursos, seminarios, congresos, xornadas), sempre que se atopen relacionadas coas funcións a desenvolver e organizados, ben por unha Administración Pública, unha Universidade ou impartidos por empresas privadas homologados por unha Administración Pública:

- Por cursos de 10 a 20 horas de duración: 0,10 puntos.
- Por cursos de 21 a 40 horas de duración: 0,20 puntos.
- Por cursos de 41 a 60 horas de duración: 0,30 puntos.
- Por cursos de 61 a 100 horas de duración: 0,40 puntos.
- Por cursos de máis de 100 horas de duración: 0,50 puntos.

1.3. Baremo para o posto de PEÓN CONDUTOR:

a) Experiencia profesional (ata un máximo de 5,00 puntos):





- Por cada mes completo desempeñando un posto de traballo como peón condutor nas brigadas de prevención e defensa contra os incendios forestais na Xunta de Galicia, nos Concellos ou nas empresas públicas: 0,20 puntos por mes completo.
- Por cada mes completo desempeñando un posto de traballo como peón condutor do GRUMIR ou de Grupo Municipal de Emerxencias: 0,15 puntos por mes completo.
Neste apartado non se computarán os tempos de servizo que se prestan simultaneamente a outros tamén alegados e valorados, sexan prestados ou non na mesma empresa.
- b) **Formación complementaria** (ata un máximo de 3 puntos):
Por participar en actividades formativas (cursos, seminarios, congresos, xornadas), sempre que se atopen relacionadas coas funcións a desenvolver e organizados, ben por unha Administración Pública, unha Universidade ou impartidos por empresas privadas homologados por unha Administración Pública:
 - Por cursos de 10 a 20 horas de duración: 0,10 puntos.
 - Por cursos de 21 a 40 horas de duración: 0,20 puntos.
 - Por cursos de 41 a 60 horas de duración: 0,30 puntos.
 - Por cursos de 61 a 100 horas de duración: 0,40 puntos.
 - Por cursos de máis de 100 horas de duración: 0,50 puntos.

2ª FASE: OPOSICIÓN: A oposición consistirá na realización dos exercicios que se refiren a continuación.

Primeiro exercicio: Proba Teórica.

De carácter obrigatorio, e consistirá na contestación por escrito, no tempo máximo de corenta minutos, dun cuestionario de 20 preguntas tipo test, con catro alternativas de resposta cada unha, e que serán propostas polo tribunal avaliador sobre o contido do temario especificado no Anexo II destas bases. Este exercicio é eliminatorio, e valorarase ata o máximo de 10 puntos (a razón de 0,5 puntos cada resposta correcta), sendo excluídos os/as participantes que non acaden o mínimo de 5 puntos (10 respostas correctas). As respostas falladas non ponderarán con coeficiente negativo. O cuestionario tipo test será o mesmo para o posto de peón e para o posto de peón condutor, e distinto para o posto de xefe de brigada, no que, aínda que o temario sexa o mesmo, incrementarase o nivel de dificultade das preguntas.

Segundo Exercicio: Proba Práctica.

Consistirá na realización dunha proba práctica sobre as funcións a desenvolver que será determinada polo Tribunal Cualificador no momento da súa realización. Este exercicio ten carácter obrigatorio e eliminatorio e valorarase ata o máximo de 10 puntos, sendo necesario para non quedar eliminado obter unha puntuación mínima de 5 puntos.

Terceiro Exercicio: Proba de Coñecemento da lingua galega.

De carácter obrigatorio e eliminatorio. Está dirixida á comprobación, por parte do tribunal, de que os/as aspirantes comprenden, falan e escriben correctamente o galego, someténdoo as probas que consideren mais adecuadas para tal comprobación.

Esta proba será cualificada como "APTO/A" ou "NON APTO/A".

Quedarán exentas da realización desta proba aquelas persoas que acrediten estar en posesión do CELGA 3 (para aquelas persoas que se presenten ao posto de xefe de brigada) e CELGA 2 (para aquelas persoas que se presenten aos postos de peóns ou de peón condutor) ou equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de acordo coa disposición adicional segunda da Orde





do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega, publicada no DOG nº 146, do 30 de xullo de 2007.

10ª.- PROPOSTA DE CONTRATACIÓN E LISTA COMPLEMENTARIA DE RESERVA.

Concluída a cualificación final do proceso selectivo, o Tribunal publicará no citado Taboleiro de Anuncios a relación dos aspirantes por orde decrecente da puntuación total final, con especificación da mesma, e elevará a correspondente proposta de contratación a favor dos aspirantes que obtiveran a puntuación máis alta, obtida como resultado da suma das puntuacións acadadas na fase de concurso e na de oposición (o Tribunal Cualificador non poderá facer proposta de contratación a favor dun número de aspirantes superior ao das prazas convocadas).

De se producir empate na puntuación final, para dirimilo teranse en conta as puntuacións parciais acadadas no proceso selectivo, pola orde de preferencia seguinte: en primeiro lugar a puntuación acadada no primeiro exercicio da oposición, en segundo lugar a puntuación acadada no segundo exercicio da oposición, en terceiro lugar a puntuación acadada na experiencia profesional do concurso de valoración de méritos, en cuarto lugar (neste caso soamente para un suposto de empate nos postos de peóns) a puntuación acadada na experiencia como voluntario en agrupacións de voluntarios de protección civil do concurso de valoración de méritos, e en quinto lugar, a puntuación acadada na formación complementaria do concurso de valoración de méritos. De persistir o empate, dirimirase por sorteo público a celebrar ante o Tribunal Cualificador, do que se levantará a correspondente acta.

O Tribunal elaborará, tamén por orden decrecente de puntuación, unha lista de reserva, cun número de aspirantes que será como máximo igual ao de aprobados, na que figurarán aqueles aspirantes que, aínda que superasen o proceso selectivo, non resultasen propostos para a súa contratación por obter unha puntuación de ordinal inferior ao número de prazas convocadas.

No caso de renuncia, falecemento, falta de xustificación dos requisitos para o nomeamento, incapacidade absoluta sobrevida, ou outros supostos nos que o aspirante aprobado non chegue a formalizar o contrato de traballo, o órgano convocante poderá substituílo polo seguinte na orde de puntuación da lista complementaria de reserva, segundo a orde de puntuación acadada, de conformidade co previsto no artigo 61.8 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

No caso de quedar deserto o proceso selectivo por non superar ningún aspirante a proba ou por non presentarse ningún a esta, o Sr. Alcalde queda autorizado a convocalo novamente tantas veces fose necesario, de conformidade coas presentes bases.

11ª.- RECOÑECIMIENTO MÉDICO, PROBA FÍSICA DE ESFORZO E CURSO TEÓRICO-PRÁCTICO.

Previamente ao nomeamento para a contratación, os/as aspirantes propostos para a contratación deberán pasar por un recoñecemento médico e unha proba física de esforzo para garantir as súas condicións de saúde para o traballo a realizar.

Tamén teñen que realizar un curso teórico-práctico de formación sobre prevención e defensa contra os incendios forestais de 16 horas. Este curso será obrigatorio, aínda que xa o recibisen en anos anteriores.

Todo isto de conformidade co disposto no Convenio de colaboración suscrito entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Riveira para a participación na prevención e defensa contra os incendios forestais mediante a actuación de medios de prevención e





defensa, cofinanciado parcialmente co fondo Europeo Agrícola de desenvolvemento rural (FEADER) no marco do PDR de Galicia 2014-2020

As probas referidas nesta base deberán superarse para a realización da contratación.

No caso de que o aspirante proposto non supere as referidas probas, non poderá procederse ao seu nomeamento e posterior contratación e acudirase á lista de reserva segundo a orde establecida na mesma.

12ª PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS.

No prazo de tres días hábiles seguintes á data da publicación do resultado da selección, os/as aspirantes seleccionados/as deberán xustificar que reúnen os requisitos esixidos na Base 3ª desta convocatoria, presentando os documentos que non foran xa presentados xunto coa solicitude para tomar parte neste proceso selectivo, é dicir:

- a) Declaración xurada de non ter sido despedido mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin estar inhabilitado para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.
- b) Declaración xurada de non estar incurso en ningunha causa de incapacidade ou incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente.

Así mesmo, deberán poñer en coñecemento do Concello o seu número de afiliación á Seguridade Social e un número de conta bancaria do que sexan titulares, para os efectos do pago da correspondente nómina.

Se dentro do prazo indicado, salvo casos de forza maior, algún dos aspirantes propostos non presentara a súa documentación ou non acreditara reunir os requisitos esixidos, non se poderá proceder ó seu nomeamento, quedando anuladas tódalas súas actuacións, sen prexuízo das responsabilidades en que puidera ter incorrido por falsidade na instancia ou na documentación presentada para tomar parte neste proceso selectivo.

13ª NOMEAMENTO.

Unha vez presentada a documentación a que se refire o apartado anterior, o órgano competente da Corporación fará o nomeamento a favor dos aspirantes propostos polo Tribunal Cualificador.

Serán nulos os nomeamentos que se efectúen a favor de aspirantes que estean incursos en causas de incapacidade específica conforme á normativa vixente.

14ª.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

A formalización dos contratos terá lugar dentro do prazo de cinco días naturais, a contar desde a data de notificación do acordo de nomeamento. Quen no prazo indicado non formalice o contrato sen causa xustificada quedará na situación de cesante, con perda de todos os dereitos derivados da convocatoria e do nomeamento conferido.

Previamente á sinatura do contrato, o aspirante nomeado deberá subscribir a declaración a que se refire o artigo 13.1 do Real Decreto 598/1985, de 30 de abril, sobre incompatibilidades.

Mentres non se formalice o contrato e non se incorpore ao posto de traballo, o aspirante non terá dereito a percepción económica de ningunha clase.

15ª.- PERÍODO DE PROBA.





O persoal contratado quedará sometido a un período de proba de 1 mes, de conformidade co artigo 14 do texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, agás cando o traballador/a xa tivera desempeñado as mesmas funcións con anterioridade no Concello de Riveira, baixo calquera modalidade de contratación.

Durante o período de proba, o/a traballador/a terá os dereitos e obrigas correspondentes ao posto de traballo que desempeñe como si fora de plantilla, agás os derivados da resolución da relación laboral, que poderá producirse a instancia de calquera das partes durante o seu transcurso.

Transcorrido o período de proba sen que se houbese producido o desestimento, o contrato producirá plenos efectos, computándose o tempo dos servizos prestados na antigüidade do/a traballador/a.

O período de proba non se verá interrompido polas situacións de incapacidade laboral temporal, risco durante o embarazo, maternidade, adopción, garda con fins de adopción, acollemento, risco durante a lactación e paternidade, que poidan afectar ó/a traballador/a.

16ª.- BOLSA DE EMPREGO.

Os/as aspirantes que resultasen nomeados no proceso regulado nestas bases, unha vez rematada a duración dos contratos laborais ao que estas se refiren, pasarán a formar parte desta bolsa na orde que lle corresponda pola súa puntuación, se o tempo traballado fora inferior a un ano. Se o período de nomeamento ou contratación fora igual ou superior a un ano, pasará a ocupar o último lugar da lista.

Tamén se poderá acudir a esta bolsa de emprego, no caso de se producir unha vacante nun posto de traballo de igual categoría ou cualificación existente no cadro de persoal deste Concello, ou cando haxa que substituír a un traballador con dereito a reserva do posto de traballo, tamén de igual categoría ou cualificación.

Producida a necesidade de cobertura temporal dun posto de traballo o departamento de secretaría e servizos xerais avisará á persoa que, segundo a orde de prelación, lle corresponde ser contratada. No caso de que esta persoa non estea dispoñible ou renuncie a ocupar o posto de traballo seguirase o chamamento segundo a orde de prelación establecida na bolsa de emprego.

Os chamamentos faranse por escrito de xeito que permita a constancia da recepción. Asemade poderase avisar por teléfono ó/a interesado/a, debendo quedar constancia, en todo caso, da data e hora en que cada aspirante sexa requirido, mediante dilixencia estendida ao efecto polo/a funcionario/a que os realízase.

O chamamento farase telefonicamente en suposto de urxencia, cando a súa non cobertura por esta forma puidese orixinar graves prexuízos no funcionamento e/ou a prestación do servizo público.

Os chamamentos telefónicos faranse entre as 8 e 15 horas, e o/a funcionaria/a fará constar mediante dilixencia a realización de tales chamamentos, e se tiveron ou non resposta. Realizarase un máximo de tres chamadas, mediando entre elas un mínimo de dúas horas. A estes efectos, o/a aspirante deberá poñerse en contacto co departamento de secretaría contestando nun prazo de 1 día hábil, contado desde a recepción da comunicación. En calquera caso, de non ser posible a comunicación ou non contestar á mesma no prazo indicado, pasarase ao seguinte aspirante.

A orde de selección dos aspirantes incluídos na bolsa de emprego irase modificando cos conseguíntes nomeamentos e contratacións, de acordo coas seguintes regras:

a) Se o aspirante chamado non puidera ser nomeado por causa debidamente xustificada e discrecionalmente apreciada polo Órgano competente desta Administración,





conservará a súa orde de prelación na bolsa de emprego; en caso contrario, será excluído da mesma.

b) Se calquera dos integrantes da bolsa de emprego renunciara a formar parte da mesma, ou unha vez nomeado renunciara, fora separado do servizo por sanción disciplinaria e/ou por despedido declarado procedente, será excluído daquela.

c) Se unha vez nomeado e contratado un aspirante ó abeiro desta Base, o tempo traballado fora inferior a un ano, retornará ó posto que ocupaba na orde de prelación da bolsa de emprego no momento de ser chamado; se o período de nomeamento ou contratación fora igual ou superior a un ano, pasará a ocupar o último lugar da lista.

En razón da urxencia dos chamamentos, queda facultada a Alcaldía para realizar os nomeamentos temporais a que se refire esta Base.

Esta Base terá vixencia entre tanto non se leve a cabo un novo proceso selectivo para a contratación de postos de igual categoría, perdendo validez, neste caso, a bolsa de emprego que ata entón estivera vixente, pero sen que isto afecte ó persoal nomeado en virtude da mesmas e durante a súa vixencia.

Non obstante todo o anterior, o Órgano competente da Corporación poderá optar pola aprobación de bases específicas e a celebración das pertinentes probas selectivas para a cobertura temporal daquelas prazas que así o estime.

17ª.- NORMAS FINAIS.

Primeira.- Para todo o non previsto nestas Bases, ou naquilo que as contradigan, será de aplicación supletoria o establecido no Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, na Lei Reguladora das Bases de Réxime Local, na Lei de Administración Local de Galicia, na Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia, no Real Decreto Legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, e demais lexislación vixente que sexa de aplicación.

Segunda.- Todos os actos administrativos derivados desta Convocatoria, así como das actuacións dos Tribunais Cualificadores, poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma establecidos pola Lei de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e normas vixentes concordantes.

A presentación de reclamacións non suspenderá a prosecución do proceso selectivo, salvo que así o decida o órgano convocante do mesmo.

Terceira.- Contra as presentes Bases e a Resolución que as aproba, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO ante o Xulgado Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contado desde o día seguinte ó da publicación da convocatoria.

Con carácter potestativo e previo, poderá interpoñerse RECURSO DE REPOSICIÓN ante o mesmo Órgano que adoptou o acordo de aprobación, no prazo de un mes, contado desde o día seguinte ó da publicación da convocatoria. Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto. Neste último suposto, o prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de seis meses contado desde o día seguinte a aquel no que se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

Todo iso sen prexuízo de que poida exercitar calquera outro que estime procedente.

ANEXO I: MODELO DE SOLICITUDE:

Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Riveira





Don/dona
con DNI número e domicilio a efectos de notificacións en
.....

Enterado/a da convocatoria para a contratación laboral temporal dunha BRIGADA DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS (1 XEFE DE BRIGADA, 3 PEÓNS E 1 PEÓN CONDUTOR) PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS NO ANO 2018, e considerando que se reúnen todos e cada un dos requisitos establecidos na Base 3ª da convocatoria, referidos ao posto de:

☐ XEFE DE BRIGADA

☐ PEÓN

☐ PEÓN CONDUTOR

(Marque cun X o posto para o que presenta a súa solicitude)

SOLICITA, a súa admisión ás probas de referencia, para o que acompaña a documentación prevista na Base 5ª das que rexen o proceso selectivo.

Asemade reseña o seu correo electrónico
e o seu teléfono móbil no que autoriza a facer as comunicacións que se consideren.

(O dato do correo e número de móbil non sendo obrigatorios, permitirán e facilitarán as comunicacións e notificacións).

Declara coñecer as Bases que rexen a presente convocatoria, polo que se compromete ó seu cumprimento.

(LUGAR, DATA E SINATURA)

ANEXO II: TEMARIO

Tema 1.- O Municipio: concepto e elementos. O termo municipal. Competencias e organización municipal. Coñecemento do termo municipal de Riveira: rúas, prazas, lugares, parroquias.

Tema 2.- O lume forestal e o seu comportamento. O ataque directo e indirecto. Os tendidos de manguera.

Tema 3.- A toma de auga. O emprego de aditivos: tipos e utilización.

Tema 4.- Sistemas de detección e comunicación. A transmisión de datos dun lume. Extinción de incendios forestais: técnicas de extinción, primeiro ataque e ataque ampliado, o contralume. Retardantes. Medios, vehículos, maquinaria e aeronaves na extinción de incendios. Seguridade e prevención de riscos.

Tema 5.- O lume. O incendio forestal. Factores que interveñen no seu comportamento. Variables que o caracterizan. Causas.





Tema 6.- Os incendios forestais. As súas clases, causas e factores que inflúen na súa propagación. O Pladiga.

Tema 7.- Os vehículos autobomba todo terreo. As bombas de impulsión: mantemento, funcionamento. A aproximación ao lume. Elección do punto de estacionamento e primeiro ataque.

Tema 8.- A seguridade persoal e a prevención de accidentes. Equipos de protección individual.

RESOLUCIÓN DE EXPEDIENTE DE ORDE DE EXECUCIÓN DE OBRAS POR MOTIVO DE SEGURIDADE, SALUBRIDADE E ORNATO PÚBLICO (OES 3/17).

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo Urbano Ordenanza 1ª Residencial Intensiva Colectiva de Manzana.

REFª CATASTRAL: 0620906NH0102S0001ZH.

SITUACIÓN: Rúa de Galicia nº 141, Riveira.

INTERESADO/A COLINDANTE: Sr. Juan Rivas Pérez.

INTERESADO/A - PROPIETARIO/A: SABADELL REAL ESTATE DEVELOPMENT S.L.

Visto o expediente de referencia e tendo en conta os seguintes

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO.- Como consecuencia do escrito presentado polo Sr. Juan Rivas Pérez en escrito rexistrado de entrada na data 7 de xuño de 2017, (Rexistro de entrada nº 9.578) achegando informe técnico realizado polo Sr. Emilio J. Domínguez Rodríguez (enxeñeiro da edificación col. nº 2.633) sobre estado de edificación en perigo de derrumbe, o Arquitecto Municipal Alberto Iglesias Fungueiriño xirou visita de inspección ao edificio sito na Rúa de Galicia nº 141, Riveira en parcela con refª catastral nº 0620906NH0102S0001ZH, para comprobar o estado no se atopaba o edificio propiedade da entidade SABADELL REAL ESTATE DEVELOPMENT S.L., tras a que emite informe na data 7 de setembro de 2017 co seguinte teor literal:

“

(...)

ASUNTO: INFORME SOBRE AS OBRAS DE PROTECCIÓN PROVISIONAL ESIXIBLES AO EDIFICIO Nº 141 DA RÚA DE GALICIA, O CAL AMOSA UN MALO ESTADO DE CONSERVACIÓN, E AMEAZANDO A INTEGRIDADE E CONDICIÓN DE SEGURIDADE DOS EDIFICOS COLINDANTES, E MESMO SOBRE A VIA PÚBLICA A QUE DA FRONTE.

SOLICITANTE: JUAN RIVAS PEREZ, en representación da vivenda anexa, emprazada no nº 139 da rúa de Galicia)

INTERESADO: SABADELL REAL ESTATE DEVELOPMENT S.L.

CIF: B – 33.300.518

DIRECCIÓN: P.I.A.E. Can Sant Joan –C/ Sena Nº 12. 08174 Sant Cugat del vallés, Barcelona.

ANTECEDENTES:





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)
Declarado Municipio Turístico Galego

1. Con data de 7 de xuño de 2017, o solicitante presente escrito no que se solicita ao Concello adopte as medidas cautelares oportunas de cara a garantir a estabilidade do edificio colindante coa súa propiedade. Acompaña aos efectos informe técnico emitido polo arquitecto técnico Emilio J. Domínguez Rodríguez.
2. Puido comprobarse na lectura do dossier fotográfico aportado que a edificación obxecto de denuncia, está nun estado total de abandono, e presentando unha serie de patoloxías que afectan ás fachadas da mesma. Tamén se puido comprobar que a cuberta da edificación colapsou, o cal provoca a entrada libre de auga, co conseguinte deterioro dos forxados de madeira desta antiga edificación. A mesma ten unha antigüidade superior a sesenta anos, de acordo cos datos da Xerencia de Catastro.
3. Referencia catastral do inmovible: 0620906NH0102S0001ZH, uso vivenda e edificacións anexas con distinto uso.
4. Observase que en parte da fachada que da a rúa, así como a propia medianeira coa edificación colindante polo seu vento sur (nº 139, propiedade do denunciante), a manifestación de “grietas” de calado e de orixe patolóxico estrutural, polo que a ameaza de derrubamento de parte das fachadas e da cobertura xa colapsada, pode ameazar seriamente a integridade das edificacións colindantes e da propia rúa á que da fronte.
5. A tenor do estado de inestabilidade que amosa o edificio, a situación de ameaza de perigo conseguinte sobre as inmediacións do inmovible, así como os efectos prexudiciais se puideran producir sobre a edificación colindante, amén do preocupante estado de insalubridade e ameaza sobre o ornato público, **deberanse de asumir por parte da propiedade unha serie de medidas de cara a repoñer as condicións de ornato, salubridade, e mesmo garantir unhas condicións de seguridade e de estabilidade mínimas sobre os restos do edificio que se manteñan en pé.**
6. Ver fotos que se acompañan no informe aportado pola propiedade.

INFORME:

1.- A Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, establece no seu artigo 20 (“Deberes dos propietarios de solo urbano consolidado”), e concretamente do seu apartado e) o seguinte:

.-Conservar e, se é o caso, rehabilitar a edificación, co fin de que esta manteña en todo momento as condicións impostas no artigo 135, que non son outras e de acordo co exposto no seu apartado c), que o de conservalos nas condicións legais para servir de soporte aos ditos usos e, en todo caso, nas de seguridade, salubridade, accesibilidade universal e ornato legalmente esixibles.

2.- Tendo en conta o estado da actual edificación - que contravén tanto as condicións de ornato esixibles, e que supón unha seria ameaza constante sobre a saúde pública, e mesmo sobre a integridade e estado de conservación do edificio colindante; procede impor ao propietario do inmovible a obriga de realizar as actuacións necesarias para dar debido cumprimento as obrigas que establece o citado artigo 20 desta Lei.

3.- ORDES DE EXECUCIÓN.

O artigo 136, apartado 1: Os Concellos, de oficio ou por instancia de calquera interesado, mediante o correspondente expediente e logo de audiencia aos interesados, ditarán ordes e execución que obriguen aos propietarios de bens inmovibles a realizar as actuacións necesarias para dar debido cumprimento aos deberes sinalados no xa citado artigo 135 desta Lei.

Apartado 2. As ordes de execución deberán conter a determinación concreta das obras que hai que realizar conforme ás condicións establecidas nesta Lei ou no planeamento urbanístico. Así mesmo, deberán de fixar o prazo para o cumprimento voluntario polo propietario do ordenado, que se determinará en razón directa da importancia, volume e complexidade das obras que hai que realizar.

Por todo anterior **proponse:**

Incoar o correspondente expediente, de acordo co establecido ao respecto polo artigo 199 da LOUG/“*Deber de conservación e ordes de execución*”, e previa audiencia dos interesados, das obras necesarias para o cumprimento daquelas condicións, indicando un prazo para a súa realización e que para o caso de que non se cumprise o ordenado a Administración municipal procederá á execución subsidiaria ou á execución forzosa





mediante a imposición de multas coercitivas de 1.000 a 10.000 €, reiterables trimestralmente, sen que en ningún caso poidan superar individualmente ou no seu conxunto o 75% do custo de reposición da edificación ou nunha nova construción con características similares, excluído o valor do solo.

4.- OBRAS E TAREFAS A REALIZAR. PRAZO ESTIMADO E IMPORTE DAS OBRAS.

a.- No presente caso urxe evitar que o deterioro da actual edificación que da fronte á rúa Alexandre bóveda, e se siga deteriorando, ou canto menos o deterioro da mesma veña ameazando a saúde pública dos viandantes, e mesmo dos vehículos que ocasionalmente se poidan ver afectados. Aos efectos propónse por parte deste técnico realizar as seguintes obras, a saber:

1.- Retirada da totalidade dos escombros que se atopan no interior da edificación e froito do colapso da cuberta.

2.- Retirada dos “cascallos” e restos de cobertura sobre a coroación dos muros de mampostería, coa finalidade de evitar desplomes agresivos e perigosos. Consequente tratamento con morteiro de cemento dos mesmos, coa finalidade de evitar o presumible deterioro efectivo e inminente, a provocar polas inclemencias metereolóxicas.

3.- Consolidación parcial (parches) sobre a cara interior dos muros, e a executar con morteiro de cemento; toda vez que se detectan puntos débiles sobre os mesmos (ocos provocados polo colapso estrutural e da propia tabiquería, mechinais valeiros, pequenos derrubamentos de tramos de mampostería).

4.- Garantizar a estabilidade das fachadas mediante vigas portantes, xa sexan metálicas ou de madeira, e coas escuadrías apropiadas, a fin de evitar o desplome e deformación das mesmas, garantindo tamén a estabilidade da medianeira en contacto coa vivenda nº 139 e 143, respectivamente.

Acompañamos a modo de exemplo imaxe de solución estrutural de estabilización de muros libres, como consecuencia do vaciado interior do edificio, como no caso que nos ocupa.

b.- O IMPORTE DAS OBRAS a realizar ascende á cantidade aproximada de 20.000 euros.

c.- O PRAZO ESTIMADO para a realización das obras, dada a natureza e a contía das mesmas, non excederá de DOUS (2) MESES.

É canto teño a ben informar e propor en Riveira, a 7 de setembro de 2017.

Asdo.: Alberto Iglesias Fungueiriño.
Arquitecto municipal.

(...)
“

SEGUNDO.- Como consecuencia do anterior, por Decreto de Alcaldía de data 4 de outubro de 2017 incoábase **EXPEDIENTE DE ORDE DE EXECUCIÓN** á entidade SABADELL REAL ESTATE DEVELOPMENT S.L. na súa condición de titular da edificación sita na Rúa de Galicia nº 141, Riveira en parcela con refª catastral nº 0620906NH0102S0001ZH, **CO FIN DE QUE COA MÁXIMA URXENCIA RESTITÚA AS CONDICIÓNS DE SEGURIDADE, SALUBRIDADE E ORNATO PÚBLICO DA REFERIDA EDIFICACIÓN**, nos termos do informe técnico emitido polo Arquitecto Municipal Alberto Iglesias Fungueiriño tras xirar visita de inspección técnica na data 7 de setembro de 2017.

TERCEIRO.- A notificación do citado Decreto practicouse á entidade SABADELL REAL ESTATE DEVELOPMENT S.L. na data 9 de outubro de 2017 e ao Sr. Ángel Rivas en nome do Sr. Juan Rivas Pérez na data 6 de outubro de 2017.

CUARTO.- En cumprimento do disposto no artigo 68 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedimento Administrativo Común das Administracións Públicas, na notificación do





Decreto de inicio da orde de execución, emprazouse ás interesadas para o trámite de audiencia.

QUINTO.- Notificado este emprazamento á Sra. Beatriz Torres Rosende actuando en nome e representación da entidade SABADELL REAL ESTATE DEVELOPMENT S.L. presenta en escrito rexistrado de entrada na data 11 de decembro de 2018, (Rexistro de entrada nº 19.354), alegacións ao expediente

SEXTO.- Por último, o Arquitecto Municipal Alberto Iglesias Fungueiriño emite novo informe técnico na data 16 de abril de 2018 co seguinte tenor literal:

“
(...)

ASUNTO: INFORME SOBRE AS OBRAS DE PROTECCIÓN PROVISIONAL ESIXIBLES AO EDIFICIO Nº 141 DA RÚA DE GALICIA, O CAL AMOSA UN MALO ESTADO DE CONSERVACIÓN, E AMEAZANDO A INTEGRIDADE E CONDICIÓN DE SEGURIDADE DOS EDIFICOS COLINDANTES, E MESMO SOBRE A VIA PÚBLICA A QUE DA FRONTE.

REF. CATASTRAL: 0620906NH0102S0001ZH

SOLICITANTE: JUAN RIVAS PEREZ, en representación da vivenda anexa, emprazada no nº 139 da rúa de Galicia)

INTERESADO: SABADELL REAL ESTATE DEVELOPMENT.

ANTECEDENTES:

7. Con data de 7 de xuño de 2017, o solicitante presente escrito no que se solicita ao Concello adopte as medidas cautelares oportunas de cara a garantir a estabilidade do edificio colindante coa súa propiedade. Acompaña aos efectos informe técnico emitido polo arquitecto técnico Emilio J. Domínguez Rodríguez.
8. Con data de 07.09.2017 emítese informe por parte deste técnico, o cal serve de base para incoar o expediente de orden de execución, e aberto a través de Decreto de Alcaldía de 07.09.2017.
9. Puido comprobarse na lectura do dossier fotográfico aportado que a edificación obxecto de denuncia, está nun estado total de abandono, e presentando unha serie de patoloxías que afectan ás fachadas da mesma. Tamén se puido comprobar que a cuberta da edificación colapsou, o cal provoca a entrada libre de auga, co conseguinte deterioro dos forxados de madeira desta antiga edificación. A mesma ten unha antigüidade superior a sesenta anos, de acordo cos datos da Xerencia de Catastro.
10. Tal e como se manifesta do informe municipal de data de 07.09.2017, a saber:

“A tenor do estado de inestabilidade que amosa o edificio, a situación de ameaza de perigo conseguinte sobre as inmediacións do inmovible, así como os efectos prexudiciais se puideran producir sobre a edificación colindante, amén do preocupante estado de insalubridade e ameaza sobre o ornato público, deberanse de asumir por parte da propiedade unha serie de medidas de cara a repoñer as condicións de ornato, salubridade, e mesmo garantir unhas condicións de seguridade e de estabilidade mínimas sobre os restos do edificio que se manteñan en pé.”

INFORME:

1.- A Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, establece no seu artigo 20 (“Deberes dos propietarios de solo urbano consolidado”), e concretamente do seu apartado e) o seguinte:

.-Conservar e, se é o caso, rehabilitar a edificación, co fin de que esta manteña en todo momento as condicións impostas no artigo 135, que non son outras e de acordo co exposto no seu apartado c), que o de conservalos nas condicións legais para servir de soporte aos ditos usos e, en todo caso, nas de seguridade, salubridade, accesibilidade universal e ornato legalmente esixibles.





2.- Tendo en conta o estado da actual edificación - que contravén tanto as condicións de ornato esixibles, e que supón unha seria ameaza constante sobre a saúde pública, e mesmo sobre a integridade e estado de conservación do edificio colindante; procede impor ao propietario do inmovible a obriga de realizar as actuacións necesarias para dar debido cumprimento as obrigas que establece o citado artigo 20 desta Lei.

3.- No citado informe de data de 07.09.2017 defínense as obras a realizar, así como a indicación do prazo (2 meses) e importe das mesmas (20.000 euros), tal e como sinala ao respecto o artigo 136 da LSG.

4.- **Durante o presente trámite administrativo non se aportan alegacións**, polo que procede continuar co expediente a fin de resolvelo.

5.- O citado artigo 136.3 sinala que as obras executaranse a custa da propiedade. E en todo caso haberá que aterse ao disposto nos apartados 4 e 5 deste artigo:

4. No caso de incumprimento da orde de execución, a administración municipal procederá á execución forzosa mediante a imposición de multas coercitivas de 1.000 a 10.000 euros, reiterables trimestralmente, sen que en ningún caso poidan superar individualmente ou no seu conxunto o 75 % do custo de reposición da edificación ou dunha nova construción con características similares, excluído o valor do solo.

5. A administración municipal tamén poderá acudir á execución subsidiaria, de xeito directo ou a través dun axente edificador con capacidade e compromiso suficiente para asumir as responsabilidades previstas neste artigo, coa obriga de solicitar licenza de obra no prazo de tres meses, contados desde a data na que estea resolta a dispoñibilidade do terreo e tras a correspondente expropiación deste.

É canto teño a ben informar e propor en Riveira, a 16 de abril de 2018.

Asdo.: Alberto Iglesias Fungueiriño.
Arquitecto municipal.

(...)
“

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.- A parcela obxecto da obra clasifícase no Plan Xeral de Ordenación Urbana do Concello de Riveira, aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación Municipal en sesión celebrada na data 17.12.02, publicado no B.O.P. de data 14.01.03 e no D.O.G. do 20.03.03, como **URBANO CON ORDENANZA 1ª RESIDENCIAL INTENSIVA COLECTIVA DE MANZANA**, “comprendendo esta ordenanza as áreas de solo con densidade de poboación alta, destinadas para o uso residencial na súa forma de vivenda colectiva con plantas baixas destinadas ao uso terciario e sótanos a aparcamento.”

SEGUNDO.- Establece o artigo 20.e) da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia (no sucesivo LSG), dentro dos deberes dos propietarios de solo urbano consolidado, o de conservar e, se é o caso, rehabilitar a edificación, co fin de que esta manteña en todo momento as condicións impostas no artigo 135 da presente Lei.

TERCEIRO.- O artigo 135 da LSG co título deberes de uso, conservación e rehabilitación, dispón no apartado c) que os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán conservalos nas condicións legais para servir de soporte aos ditos usos e, en todo caso, nas de seguridade, salubridade, accesibilidade universal e ornato legalmente esixibles.

CUARTO.- O artigo 136 da LSG establece que os Concellos, de oficio ou por instancia de calquera interesado, mediante o correspondente expediente e logo de audiencia aos interesados, ditarán ordes e execución que obriguen aos propietarios de bens inmovibles a, realizar as actuacións necesarias para dar debido cumprimento aos deberes sinalados no artigo anterior desta Lei.





As ordes de execución deberán conter a determinación concreta das obras que hai que realizar conforme ás condicións establecidas nesta Lei ou no planeamento urbanístico. Así mesmo, deberán de fixar o prazo para o cumprimento voluntario polo propietario do ordenado, que se determinará en razón directa da importancia, volume e complexidade das obras que hai que realizar.

As obras executaranse á custa dos propietarios se están dentro do límite do deber de conservación que lles corresponde, e con cargo aos fondos da entidade que a ordene cando o supere para obter melloras de interese xeral.

No caso de incumprimento da orde de execución, a administración municipal procedea á execución forzosa mediante a imposición de multas coercitivas de 1.000 a 10.000 euros, reiterables trimestralmente, sen que en ningún caso poidan superar individualmente ou no seu conxunto o 75% do custo de reposición da edificación ou dunha nova construción con características similares, excluído o valor do solo.

A administración municipal tamén poderá acudir á execución subsidiaria, de xeito directo ou a través dun axente edificador con capacidade e compromiso suficiente para asumir a responsabilidades previstas neste artigo, coa obriga de solicitar licenza de obra no prazo de tres meses, contados desde a data na que resulta a dispoñibilidade do terreo e tras a correspondente expropiación deste.

QUINTO.- O artigo 332 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro co título deberes de uso, conservación e rehabilitación, establece que:

1. Os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán:

a) Empezar a edificación ou rehabilitación nos termos e prazos establecidos na lexislación vixente. O deber de edificar inclúe o deber dos propietarios de rematar as edificacións para cuxa execución obtiveron a preceptiva licenza (artigo 135.1.a) da LSG).

b) Destinalos aos usos que sexan compatibles coa ordenación territorial e urbanística (artigo 135.1.b) da LSG).

c) Conservalos nas condicións legais para servir de soporte aos ditos usos e, en todo caso, nas de seguridade, salubridade, accesibilidade universal e ornato legalmente exixibles (artigo 135.1.c) da LSG).

d) Realizar os traballos e as obras necesarias para satisfacer os requisitos básicos da edificación establecidos nas normas legais que lles sexan exixibles en cada momento (artigo 135.1.d) da LSG).

e) Realizar obras adicionais por motivos turísticos ou culturais ou para a mellora da calidade e sustentabilidade do medio urbano (artigo 135.1.e) da LSG).

Estas obras poderán consistir na renovación ou reforma de fachadas ou espazos visibles desde a vía pública, debendo fixar a Administración, de maneira motivada, o nivel de calidade que deba ser alcanzado para cada unha delas.

2. O deber de conservación a cargo dos propietarios alcanza ata o importe correspondente á metade do valor actual de construción dun inmovible de nova planta, equivalente ao orixinal en relación coas características construtivas e a superficie útil, realizado coas condicións necesarias para que a súa ocupación sexa autorizable ou, de ser o caso, quede en condicións de ser destinado legalmente ao uso que lle sexa propio (artigo 135.2 da LSG).

3. As obras executaranse á custa dos propietarios se están dentro do límite do deber de conservación que lles corresponde, e con cargo aos fondos da entidade que a ordene cando o supere para obter melloras de interese xeral (artigo 136.3 da LSG).

4. Os propietarios de terreos conservarán e manterán o solo natural e, se é o caso, a masa vexetal nas condicións precisas que eviten a erosión e os incendios, impedindo a





contaminación da terra, o aire e a auga, e as demais condicións que se determinen na lexislación vixente (artigo 135.3 da LSG).

O cumprimento destes deberes non eximirá das normas adicionais de protección que estableza a normativa aplicable.

SEXTO.- O artigo 333 co título obxecto das ordes de execución establece que os concellos, de oficio ou por instancia de calquera interesado, mediante o correspondente expediente e logo da audiencia dos interesados, ditarán ordes de execución que obriguen os propietarios de bens inmobles a:

a) Realizar as actuacións necesarias para dar debido cumprimento aos deberes sinalados no artigo anterior (artigo 136.1.a) da LSG).

b) Realizar as actuacións necesarias para adaptar as edificacións e construcións ao contorno, segundo o establecido nos artigos 91 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, e 216 deste regulamento (artigo 136.1.b) da LSG).

SÉTIMO.- O artigo 334, contido das ordes de execución.

1. As ordes de execución deberán conter a determinación concreta das obras que hai que realizar conforme as condicións establecidas na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, ou no planeamento urbanístico. Así mesmo, deberán fixar o prazo para o cumprimento voluntario polo propietario do ordenado, que se determinará en razón directa da importancia, volume e complexidade das obras que hai que realizar (artigo 136.2 da LSG).

A súa execución deberá acordarse da forma menos gravosa para a persoa propietaria.

2. As ordes de execución deberán advertir que o seu incumprimento habilita a Administración municipal para:

a) Executar forzosamente a orde incumprida mediante a imposición de multas coercitivas ou execución subsidiaria.

b) Incluír o inmovble no Rexistro de Soares, no caso de terse constituído.

c) Decretar a aplicación do réxime de venda forzosa.

OITAVO.- O artigo 335 establece o procedemento para ditar ordes de execución do seguinte xeito:

1. Con carácter previo á iniciación do procedemento, o órgano competente poderá levar a cabo as actuacións previas necesarias para coñecer as circunstancias do caso concreto e, en función do seu resultado, decidir motivadamente sobre a conveniencia ou non de iniciar o procedemento.

2. Antes de ditar unha orde de execución deberase emitir un informe técnico e xurídico polos servizos municipais e dar audiencia aos interesados.

3. Non se poderá ditar orde de execución sen a autorización previa que resulte preceptiva por razón dos réximes especiais de protección, vinculación ou servidumes legais que afecten o terreo ou inmovble de que se trate, agás no caso das medidas excepcionais de protección necesarias cando exista perigo inmediato de que se poidan producir danos ás persoas ou perigo inminente de derrubamento da edificación.

4. O prazo máximo para ditar e notificar a orde de execución será de seis meses desde o acordo da súa iniciación de oficio ou, no caso de iniciarse por solicitude de persoa interesada, desde a recepción da solicitude no rexistro do órgano competente para a súa tramitación.

Transcorrido o prazo indicado sen que se notificase resolución expresa, producirase a caducidade do procedemento iniciado de oficio, sen prexuízo de poder iniciarse un novo procedemento no caso de persistir o obxecto que motivou a tramitación do expediente. Nos procedementos tramitados por solicitude de persoa interesada, o vencemento do prazo máximo sen terse notificado a resolución expresa lexítima o interesado ou interesados que deducisen a solicitude para entendela estimada por silencio administrativo.





5. A emisión das ordes de execución non exime da obriga de obter o título habilitante municipal que resulte preceptivo en función da actuación que se teña que desenvolver.

NOVENO.- O artigo 336, co título executividade e execución forzosa das ordes de execución establece que.

1. As ordes de execución son executivas desde o momento en que se ditan. Efectuada a advertencia previa e transcorrido o prazo de execución voluntaria, no caso de persistir o incumprimento da orde de execución, a Administración municipal procederá á execución forzosa, respectando o principio de proporcionalidade, mediante execución subsidiaria ou mediante a imposición de multas coercitivas de 1.000 a 10.000 euros, reiterables trimestralmente, sen que en ningún caso poidan superar individualmente ou no seu conxunto o 75 % do custo de reposición da edificación ou dunha nova construción con características similares, excluído o valor do solo.

2. A imposición das multas coercitivas reiterarase ata lograr a completa execución do ordenado, salvo que a Administración competente opte, en calquera momento, pola execución subsidiaria.

3. A Administración municipal tamén poderá acudir á execución subsidiaria, de xeito directo ou a través dun axente edificador con capacidade e compromiso suficiente para asumir as responsabilidades previstas no artigo 136 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, coa obriga de solicitar licenza de obra no prazo de tres meses, contados desde a data na que estea resolta a dispoñibilidade do terreo e tras a correspondente expropiación deste (artigo 136.5 da LSG).

A execución subsidiaria será a cargo da persoa obrigada, sen prexuízo do previsto no artigo 332.3, isto é, só no caso de que as actuacións de obrigado cumprimento estivesen dentro do límite do deber de conservación que lles corresponde. Antes de executar materialmente os actos que fosen ordenados, poderá liquidarse provisionalmente o importe dos gastos, danos e perdas que se teñan que soportar previsiblemente, con vistas á súa liquidación definitiva. Cando a persoa obrigada non satisfaga voluntariamente as cantidades líquidas ás que está obrigada, exixiranse pola vía de constrinximento.

Polo anteriormente exposto, da documentación obrante no expediente, visto o escrito presentado polo Sr. Juan Rivas Pérez en escrito rexistrado de entrada na data 7 de xuño de 2017, (Rexistro de entrada nº 9.578) achegando informe técnico realizado polo Sr. Emilio J. Domínguez Rodríguez (enxeñeiro da edificación col. nº 2.633) sobre estado de edificación en perigo de derrumbe, visto o informe técnico emitido polo Arquitecto Municipal Alberto Iglesias Fungueiriño na data 7 de xuño de 2017, vista a alegación presentada pola Sra. Beatriz Torres Rosende actuando en nome e representación da entidade SABADELL REAL ESTATE DEVELOPMENT), visto o informe técnico emitido polo Arquitecto Municipal Alberto Iglesias Fungueiriño na data e 16 de abril de 2018, visto os artigos 136 e 137 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, visto os artigos 333 a 337 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, e visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 16/04/2018, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- ORDENAR á entidade SABADELL REAL ESTATE DEVELOPMENT na súa condición de titular da edificación sita na Rúa de Galicia nº 141, Riveira en parcela con refª catastral nº 0620906NH0102S0001ZH, **QUE PROCEDA A INMEDIATA DEMOLICIÓN DA EDIFICACIÓN.**





SEGUNDO.- A orde de execución deberá de ser executada no prazo de tres meses a contar dende a notificación da presente resolución, debendo solicitar con carácter previo a preceptiva licenza de obra demolición cos respectivos oficio de dirección e de coordinación de seguridade e saúde co preceptivo visado colexial que ampare as actuacións descritas.

TERCEIRO.- No caso de incumprimento da orde de execución, a administración municipal procederá á execución forzosa mediante a imposición de multas coercitivas de 1.000 a 10.000 euros, reiterables trimestralmente, sen que en ningún caso poidan superar individualmente ou no seu conxunto o 75% do custo de reposición da edificación ou dunha nova construción con características similares, excluído o valor do solo.

A administración municipal tamén poderá acudir á execución subsidiaria, de xeito directo ou a través dun axente edificador con capacidade e compromiso suficiente para asumir as responsabilidades previstas neste artigo, coa obriga de solicitar licenza de obra no prazo de tres meses, contados desde a data na que resulta a dispoñibilidade do terreo e tras a correspondente expropiación deste.

CUARTO.- O disposto anteriormente exposto, entenderase sin perxucio das responsabilidades penales, civiles e administrativas a que houbera lugar.

QUINTO.- NOTIFICAR a presente resolución aos interesados entendendo como tal á entidade SABADELL REAL ESTATE DEVELOPMENT na súa condición de titular da edificación sita na Rúa de Galicia nº 141, Riveira en parcela con refª catastral nº 0620906NH0102S0001ZH, así como ao Sr. Juan Rivas Pérez como propietario da edificación colindante, en cumprimento do disposto Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

A Presidencia levanta a sesión sendo as dez horas e quince minutos do mesmo día, estendéndose a presente acta da que, como secretario xeral, dou fe e certifico na data que consta na sinatura dixital que figura ao pé deste documento.

O Presidente da sesión

Dou fe, o secretario xeral

María Herminia Pouso Maneiro

Juan Manuel Salguero del Valle

